

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE XULLO DE 2013

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:19 horas do día 4 de xullo de 2013, baixo a presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal (quen se ausenta no punto 17 da orde do día ás 20:56 horas), dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 06/06/2013

Non habendo obxeccións, a acta queda aprobada.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 583/2013 á 691/2013

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía de derogación da Ordenanza fiscal número 29 do Concello de Fene, Reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 2 votos a favor do grupo municipal do PP, e 4 abstencións (2 do grupo municipal PSOE, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto) e informe de fiscalización favorable da intervención de 30.5.2013:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

A ordenanza fiscal número 29, reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello no ano 2009, foi recorrida ante a xurisdición contencioso administrativa por France Telecom España, S.A. e por Telefónica Móviles España, S.A, Vodafone España, S.A. O Concello ven de recibir a notificación das sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sentenzas 00821/2012, 00814/2012 e 00819/2012), e nas que se falla a estimación parcial dos recursos presentados, anulando os artigos 1 (feito impoñible), 2 (suxeito pasivo), e 5 (base impoñible), da ordenanza.

Polo tanto, e ao tratarse dos elementos substanciais do tributo, sen os cales no é posible a súa exacción, dende esta Alcaldía enténdese necesaria a supresión da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, así como a derogación da ordenanza fiscal número 29, reguladora de dita taxa.

Polo tanto, e de conformidade co establecido do artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e en execución das citadas sentenzas, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Ordenar a publicación dos fallos das referidas sentenzas e os seus efectos nos termos sinalados no art. 107 da Lei 29/1998. Os fallos literalmente sinalan:

“Que estimamos parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil “Telefónica Móviles,S.A.” contra la Ordenanza reguladrea de la tasa por la utilización provativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de de suministración general del Ayuntamiento de Fene (A Coruña), publicada en el BOP de 9 de noviembre de 2009. En consecuencia, declaramos contrarios a DErecho, anulándolos, los particulares consignados en el párrafo final del fundamento derecho segundo de la presente resolución. Desestimamos el recurso en lo restante. Sin efectuar pronunciamiento en orden a la imposición de costas procesales”

“Que estimamos parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil “Vodafone España ,S.A.” contra la Ordenanza reguladrea de la tasa por la utilización provativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de de suministración general del Ayuntamiento de Fene (A Coruña), publicada en el BOP de 9 de noviembre de 2009. En consecuencia, declaramos contrarios a DErecho, anulándolos, los particulares consignados en el párrafo final del fundamento derecho tercero de la presente resolución. Desestimamos el recurso en lo restante. Sin efectuar pronunciamiento en orden a la imposición de costas procesales”

“Que estimamos parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil “Telefónica Móviles,S.A.” contra la Ordenanza reguladrea de la tasa por la utilización provativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de de suministración general del Ayuntamiento de Fene (A Coruña), publicada en el BOP de 9 de noviembre de 2009. En consecuencia, declaramos contrarios a DErecho, anulándolos, los particulares consignados en el párrafo final del fundamento derecho segundo de la presente resolución. Desestimamos el recurso en lo restante. Sin efectuar pronunciamiento en orden a la imposición de costas procesales”

SEGUNDO.-Ordenar a execución e cumprimento das sentenzas nos seus propios termos e consecuentemente aprobar provisionalmente a supresión da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, así como a derogación da Ordenanza Fiscal número 29 das do Concello da Fene, reguladora de dita taxa.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o presente acordo polo prazo de trinta no taboleiro de anuncios do Concello e publicar o anuncio de exposición no B.O.P. e nun diario dos de maior difusión da provincia; durante o referido prazo os interesados poderán examina-los expedientes e presenta-las reclamacións que consideren oportunas. No caso de non presentar ningunha reclamación, o acordo elevarase automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.

CUARTO.-Publicar o presente acordo, unha vez aprobado definitivamente, no Boletín Oficial de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo á Sección 004 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal superior de Xustiza de Galiza.

Fene, a 30 de maio de 2013
O Alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención do seu grupo e rógalle ao goberno municipal que non deixe caer en saco roto o espírito da ordenanza que é o de prover de máis ingresos ao concello, evitando a vía habitual de sangrar máis á veciñanza, e, se esta ordenanza non cumpre os criterios legais para poder ser aplicada, roga se faga unha nova ordenanza e que se traia de novo ao Pleno para poder ser aprobada, non perdendo así a vocación de mellorar os ingresos municipais.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia a abstención do seu grupo. Di que esta ordenanza era importante polos ingresos previsibles, pero tamén é importante que se cumpra a sentenza xudicial e por iso non se opoñen á súa derogación; non obstante, ve necesario que se busquen feitos impositivos deste estilo para gravar a aqueles que están tendo altísimos beneficios e non outros feitos impositivos coma a suba do IVE, a contribución e demais impostos que van contra as persoas.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparte o dito polos voceiros dos grupos municipais socialista e do BNG e anuncia que se vai abster.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP, con 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Ordenar a publicación dos fallos das referidas sentencias e os seus efectos nos termos sinalados no art. 107 da Lei 29/1998. Os fallos literalmente sinalan:

“Que estimamos parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil “Telefónica Móviles,S.A.” contra la Ordenanza reguladora de la tasa por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de de suministro general del Ayuntamiento de Fene (A Coruña), publicada en el BOP de 9 de noviembre de 2009. En consecuencia, declaramos contrarios a Derecho, anulándolos, los particulares consignados en el párrafo final del fundamento derecho segundo de la presente resolución. Desestimamos el recurso en lo restante. Sin efectuar pronunciamiento en orden a la imposición de costas procesales”

“Que estimamos parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil “Vodafone España ,S.A.” contra la Ordenanza reguladora de la tasa por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de de suministro general del Ayuntamiento de Fene (A Coruña), publicada en el BOP de 9 de noviembre de 2009. En consecuencia, declaramos contrarios a Derecho, anulándolos, los particulares consignados en el párrafo final del fundamento derecho tercero de la presente resolución. Desestimamos el recurso en lo restante. Sin efectuar pronunciamiento en orden a la imposición de costas procesales”

“Que estimamos parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la entidad mercantil “Telefónica Móviles,S.A.” contra la Ordenanza reguladora de la tasa por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local por las empresas explotadoras de servicios de de suministro general del Ayuntamiento de Fene (A Coruña), publicada en el BOP de 9 de noviembre de 2009. En consecuencia, declaramos contrarios a Derecho, anulándolos, los particulares consignados en el párrafo final del fundamento derecho segundo de la presente resolución. Desestimamos el recurso en lo restante. Sin efectuar pronunciamiento en orden a la imposición de costas procesales”

SEGUNDO.-Ordenar a execución e cumprimento das sentencias nos seus propios termos e consecuentemente aprobar provisionalmente a supresión da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de

servizos de telefonía móbil, así como a derogación da Ordenanza Fiscal número 29 das do Concello da Fene, reguladora de dita taxa.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o presente acordo polo prazo de trinta no taboleiro de anuncios do Concello e publicar o anuncio de exposición no B.O.P. e nun diario dos de maior difusión da provincia; durante o referido prazo os interesados poderán examina-los expedientes e presenta-las reclamacións que consideren oportunas. No caso de non presentar ningunha reclamación, o acordo elevarase automaticamente a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.

CUARTO.- Publicar o presente acordo, unha vez aprobado definitivamente, no Boletín Oficial de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo á Sección 004 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal superior de Xustiza de Galiza.

4. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía de aprobación inicial da Ordenanza fiscal número 8 Reguladora da taxa polo servizo se axuda no fogar

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 2 votos a favor do grupo municipal do PP, e 3 abstencións (1 do grupo municipal PSOE, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto) e informada favorablemente pola intervención o 21.6.2013:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

En relación co expediente de imposición e ordenación da taxa polo servizo de axuda no fogar, e visto o informe de intervención emitido o 21/06/2013 pola Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 16.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse ó Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de dacenda e promoción económica, o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa polo servizo de axuda no fogar, así como a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO: Dacordo co previsto no Art.17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locales, os acordos adoptados e a aprobación da ordenanza fiscal se exporán ó público por un periodo de trinta días mediante edicto insertado no boletín oficial da provincia, e nun diario dos de maior difusión da provincia por ser municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación ningunha contra os acordos inicialmente adoptados, entenderanse definitivamente adoptados.

Anexo

PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 27 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Artigo 2º.- Feito imponible

É obxecto desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia e que no Programa Individualizado de Atención de recursos teñan o SAF como recurso asignado, ou como respiro complementario de outro recurso e/ou prestación.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Serán suxeitos pasivos da taxa regulada na presente ordenanza os seguintes:

A) As persoas recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo (calquera que sexa a modalidade do mesmo) sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

B) As persoas que accedan ao servizo da axuda no fogar por libre concorrencia e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

Artigo 4º.- Base imponible

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do artigo 5 seguinte, establécese o prezo da hora por prestación do servizo en 13,50 euros/hora/ non festiva e 15.60 €/hora/ festivas, revisable anualmente segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) que publique o organismo público competente, previo acordo do órgano municipal competente

A base imponible total será o resultado de multiplicar a base imponible referida a unha hora de prestación do servizo polo número de horas de prestación efectiva do mesmo.

Artigo 5º.- Cota tributaria (ART.61 Y 62)

A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será o resultado de aplicar á base imponible total as seguintes porcentaxes:

A) Para o caso da prestación do servizo de libre concorrencia:

| Capacidade económica | Porcentaxe |
|--|------------|
| Menor do 0,80 do IPREM | 0 |
| Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM | 20% |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM | 35% |
| Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM | 55% |
| Maior de 2,5 | 75% |

B) Para o caso da prestación do servizo a persoas en situación de dependencia:

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

| | Grao I | | Grao II | | Grao III | |
|---|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| | Nivel I | Nivel II | Nivel I | Nivel II | Nivel I | Nivel II |
| Capacidade e económica (referida ao IPREM) | 20 horas | 30 horas | 40 horas | 55 horas | 70 horas | 90 horas |
| Inferior ou igual ao 100% do IPREM | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| Maior do 100% e | 4,52% | 6,56% | 8,59% | 11,42% | 14,47% | 18,09% |

| | | | | | | | |
|-----------------------------------|-------|-------|--------|--------|--------|--------|--|
| menor ou igual a 115% do IPREM | | | | | | | |
| Maiores ou iguais a 125% do IPREM | 5,41% | 7,84% | 10,28% | 13,66% | 17,31% | 21,64% | |
| Maiores ou iguais a 150% do IPREM | 5,55% | 8,05% | 10,54% | 14,01% | 17,76% | 22,19% | |
| Maiores ou iguais a 175% do IPREM | 5,65% | 8,19% | 10,73% | 14,26% | 18,07% | 22,59% | |
| Maiores ou iguais a 200% do IPREM | 5,72% | 8,30% | 10,87% | 14,45% | 18,31% | 22,89% | |
| Maiores ou iguais a 215% do IPREM | 5,81% | 8,42% | 11,03% | 14,66% | 18,58% | 23,23% | |
| Maiores ou iguais a 250% do IPREM | 6,03% | 8,75% | 11,46% | 15,24% | 19,31% | 24,14% | |
| Maiores ou iguais a 300% do IPREM | 6,24% | 9,05% | 11,86% | 15,76% | 19,97% | 24,97% | |
| Maiores ou iguais a 350% do IPREM | 6,42% | 9,30% | 12,19% | 16,20% | 20,53% | 25,66% | |
| Maiores ou iguais a 400% do IPREM | 6,54% | 9,48% | 12,42% | 16,51% | 20,93% | 26,16% | |
| Maiores ou iguais a 400% do IPREM | 6,63% | 9,62% | 12,60% | 16,75% | 21,22% | 26,53% | |

| | | | | | | | |
|--|-------|-------|--------|--------|--------|--------|--|
| igual ao 450% IPREM | | | | | | | |
| Maiores e menores iguais ao 500% IPREM | 6,70% | 9,72% | 12,74% | 16,93% | 21,45% | 26,82% | |
| Superior ao 500% IPREM | 6,76% | 9,80% | 12,84% | 17,07% | 21,63% | 27,04% | |

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

A determinación da capacidade económica á que fan referencia as tarifas anteriores será a que resulte da aplicación dos artigos 59 e 60 do Decreto 99/2012, de 9 de marzo.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións

Non poderán recoñecerse respecto a esta taxa outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de Lei ou derivados da aplicación de tratados internacionais, nos termos establecidos no art. 9 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

Artigo 7º.- Nacemento da obriga de pagamento e período impositivo

1.- A obriga do pagamento nace dende o día en que se inicie a prestación do servizo.

2.- Os abonos mensuais das cotas de pagamento realizaranse mediante unha domiciliación bancaria (as excepcións a esta regra deberán motivarse cun informe dos técnicos de Servizos Sociais). Se estes pagamentos non se puidesen facer efectivos por motivos atribuíbles á persoa beneficiaria do servizo -inexistencia de fondos ou outros-, éste/a será apercibido/a de inmediato, responsabilizándose dos gastos que esto ocasione.

3.- Se a algún/unha dos/as beneficiarios/as non se lle prestase o servizo por causas non imputables a el/ela mesmo/a, léase por inconvintes derivados da organización interna do propio servizo, terá tamén dereito a un desconto proporcional ao tempo que estivo sen servizo á hora de aboar a cota mensual.

Artigo 8º.- Normas de xestión

1.- Unha vez aprobada a alta no servizo, esta manterase mentres non varíen as circunstancias que motivaron a prestación do servizo. Para ditas variacións, no seu caso, estarase ao previsto no Regulamento de funcionamento do servizo.

2.- Anualmente, ou antes, no caso de producirse cambios na situación das persoas usuarias, se lles requirirá, por parte do departamento de Servizos Sociais do Concello, para que xustifiquen documentalmente a súa situación económica e patrimonial, a efectos de actualizar a súa capacidade económica e, no seu caso, a taxa a abonar, tal e como se recolle no Regulamento do servizo de axuda no fogar.

3.- Unha vez iniciada a prestación do servizo, procederase á inclusión da persoa beneficiaria nos padróns ou matrículas desta taxa . O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que se sinale, e nos prazos a tal efecto recollidos na normativa de aplicación.

4. O departamento de servizos sociais remitirá a oficina de xestión tributaria e recadación relación mensual asinada con especificación dos datos necesarios para a liquidación da taxa.

Disposición transitoria

As persoas que á entrada en vigor desta ordenanza estivesen recibindo os servizos que constitúan a obriga de pago desta taxa, continuarán conas prestacións autorizadas, pero, en todo caso, seranlles de aplicación as tarifas e demais criterios de aplicación establecidos nesta ordenanza. En tando se determina a referencia de renda que corresponda a cada beneficiario do servizo para determinar a cota a ingresar, dacordo coas prescricións dos artigos anteriores, tomarase a cota fixada na resolución de autorización de prestación do servizo. Estas liquidacións terán carácter de liquidación provisional e practicarase a definitiva, complementaria ou con dereito a devolución, segundo proceda, notificándolle ó obrigado ó pagamento para o ingreso da cota complementaria ou execución da devolución.

A tal efecto, por parte dos servizos sociais procederase a requerir, de ser o caso, a documentación acreditativa da renda e patrimonio no prazo dun mes deden a publicación desta ordenanza.

Disposición derogatoria

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos de axuda no fogar, que fora aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 02/06/2005 e o acordo regulador do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes según a lei 39/2006 de promoción da autonomía personal e atención ás persoas en situación de dependencia aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 02/10/2008.

Disposición Final Primeira

No non disposto na presente ordenanza estarase o preceptuado na Lei Xeral Tributaria, no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes coa materia, o Regulamento do servizo de axuda a domicilio do Concello de Fene e as disposicións ou normas marco na materia, aprobadas pola Xunta de Galicia, constituirán normas de referencia para a interpretación do articulado desta ordenanza.

Disposición final Segunda

Esta ordenanza, entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte a aquel no que se produza a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia .

Fene, a 21 de xuño de 2013.

O Alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal "

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención porque, inda que é necesaria a súa existencia, vea "moi popular", no senso do Partido Popular, xa que é algo aberrante que non se contemple un cobro segundo as rendas familiares senón por igual para todas as persoas, con independencia dos ingresos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia o voto en contra porque non se deron as explicacións oportunas, como se quedou de facelo na Comisión Informativa de Facenda, na que pedían unha comparativa do que se cobraba antes e o que se vai cobrar agora. Di que os prezos dos servizos municipais básicos son fixados a nivel municipal e os ve discriminatorios porque unha persoa que sexa dependente e non teña desenvolvida a burocracia da dependencia vai ter que pagar moito máis: por exemplo unha persoa con servizo municipal de 20 horas pagará 54 euros cando esa mesma persoa, por dependencia, pagaría 0 euros. Di que isto é grave porque se fala dun 10% ou un 15% dunha prestación entre 400 e 600 euros, pero é máis grave aínda no caso dunha persoa dependente que sexa terminal que terá que facer unha aportación durísima e, se está equivocado, roga que leven os técnicos á Comisión para que o expliquen.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que vai votar en contra polo exposto polo voceiro do grupo municipal do BNG e porque pediu por escrito unha comparativa que aínda non se lle entregou.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro don Juan José Franco Casal que di que, tal e como se explicou na Comisión Informativa, a ordenanza contempla a aplicación da normativa vixente e non

ten ningún criterio valorativo a maiores. En canto a petición de información di que non se dixo que dita información se dera antes do Pleno, nin que condicionarían o seu voto.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que se lles dixo que se lles facilitaría a información antes do Pleno, que recoñece que se pode equivocar, pero sen dita información o seu grupo vota en base a documentación que ten e votarán en contra.

Sometido o asunto a votación este obtivo en primeira e segunda votación 6 votos a favor do grupo do PP, 6 votos en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 5 abstencións do grupo socialista, quedando aprobado co voto de calidade da Alcaldía.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa polo servizo de axuda no fogar, así como a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar, que se transcribe como anexo.

SEGUNDO: De acordo co previsto no Art.17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, os acordos adoptados e a aprobación da ordenanza fiscal se exporán ó público por un período de trinta días mediante edicto insertado no boletín oficial da provincia, e nun diario dos de maior difusión da provincia por ser municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación ningunha contra os acordos inicialmente adoptados, entenderanse definitivamente adoptados.

Anexo

PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8 REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 27 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Artigo 2º.- Feito imponible

É obxecto desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar de libre concorrència e do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia e que no Programa Individualizado de Atención de recursos teñan o SAF como recurso asignado, ou como respiro complementario de outro recurso e/ou prestación.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Serán suxeitos pasivos da taxa regulada na presente ordenanza os seguintes:

A) As persoas recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo (calquera que sexa a modalidade do mesmo) sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

B) As persoas que accedan ao servizo da axuda no fogar por libre concorrència e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

Artigo 4º.- Base imponible

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do artigo 5 seguinte, establécese o prezo da hora por prestación do servizo en 13,50 euros/hora/ non festiva e 15.60 €/hora/ festivas, revisable anualmente segundo o índice de prezos ao consumo (IPC) que publique o organismo público competente, previo acordo do órgano municipal competente A base imponible total será o resultado de multiplicar a base imponible referida a unha hora de prestación do servizo polo número de horas de prestación efectiva do mesmo.

Artigo 5º.- Cota tributaria (ART.61 Y 62)

A cota tributaria da taxa regulada nesta ordenanza será o resultado de aplicar á base imponible total as seguintes porcentaxes:

A) Para o caso da prestación do servizo de libre concorrencia:

| Capacidade económica | Porcentaxe |
|--|------------|
| Menor do 0,80 do IPREM | 0 |
| Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM | 20% |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM | 35% |
| Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM | 55% |
| Maior de 2,5 | 75% |

B) Para o caso da prestación do servizo a persoas en situación de dependencia:

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos cada entidade local titular do servizo, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicará a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

| | Grao I | | Grao II | | Grao III | |
|---|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| | Nivel I | Nivel II | Nivel I | Nivel II | Nivel I | Nivel II |
| Capacidade e económica (referida ao IPREM) | 20 horas | 30 horas | 40 horas | 55 horas | 70 horas | 90 horas |
| Inferior ou igual ao 100% do IPREM | 0,00 % | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 0,00% | 0,00% |
| Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM | 4,52 % | 6,56% | 8,59% | 11,42% | 14,47% | 18,09% |
| Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM | 5,41 % | 7,84% | 10,28 % | 13,66% | 17,31% | 21,64% |
| Maior do 125 % e menor ou | 5 ,55 % | 8,05% | 1 0,54% | 14, 01% | 17,76% | 22,19 % |

| | | | | | | |
|---|---------------|---------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| igual ao 150%do IPREM | | | | | | |
| Maio do 150% e menor ou igual a o175% do IPREM | 5,65% | 8,19% | 10,73% | 14,26% | 18,07% | 22,59 % |
| Maio do 175 e menor ou igual ao 200 %do I PREM | 5,72 % | 8,30 % | 10,87% | 14,45% | 18,31% | 22,89 % |
| Maior do 200 % e menor ou igual ao 215 %do IPREM | 5,81 % | 8,42% | 11,03 % | 14,66 % | 18,58% | 23,23% |
| Mai do 215 % e menor ou igual a o250 %IPREM | 6,03 % | 8,75 % | 11,46% | 15,24% | 19,31 % | 24,14 % |
| Maior do 250% e menor ou igual ao 300% IPREM | 6,24 % | 9,05% | 11,86 % | 15,76% | 19,97% | 24,97 % |
| Maior do 300% e menor ou igual ao 350% IPREM | 6,42 % | 9,30% | 12,19 % | 16,20% | 20,53% | 25,66% |
| Maior do 350% e menor ou igual ao 400% IPREM | 6,54 % | 9,48% | 12,42 % | 16,51% | 20,93% | 26,16% |
| Maior do 400% e menor ou igual ao 450% IPREM | 6,63 % | 9,62% | 12,60 % | 16,75% | 21,22% | 26,53% |
| Maior do 450% e menor ou igual ao 500% IPREM | 6,70 % | 9,72% | 12,74 % | 16,93% | 21,45% | 26,82% |
| Superior ao 500% do IPREM | 6,76 % | 9,80% | 12,84 % | 17,07% | 21,63% | 27,04% |

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

A determinación da capacidade económica á que fan referencia as tarifas anteriores será a que resulte da aplicación dos artigos 59 e 60 do Decreto 99/2012, de 9 de marzo.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións

Non poderán recoñecerse respecto a esta taxa outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de Lei ou derivados da aplicación de tratados internacionais, nos termos establecidos no art. 9 do texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

Artigo 7º.- Nacemento da obriga de pagamento e período impositivo

1.-A obriga do pagamento nace dende o día en que se inicie a prestación do servizo.

2.- Os abonos mensuais das cotas de pagamento realizaranse mediante unha domiciliación bancaria (as excepcións a esta regra deberán motivarse cun informe dos técnicos de Servizos Sociais). Se estes pagamentos non se puidesen facer efectivos por motivos atribuíbles á persoa beneficiaria do servizo –inexistencia de fondos ou outros-, este/a será apercibido/a de inmediato, responsabilizándose dos gastos que esto ocasione.

3.- Se a algún/unha dos/as beneficiarios/as non se lle prestase o servizo por causas non imputables a el/ela mesmo/a, léase por inconvenientes derivados da organización interna do propio servizo, terá tamén dereito a un desconto proporcional ao tempo que estivo sen servizo á hora de aboar a cota mensual.

Artigo 8º.- Normas de xestión

1.- Unha vez aprobada a alta no servizo, esta manterase mentres non varíen as circunstancias que motivaron a prestación do servizo. Para ditas variacións, no seu caso, estarase ao previsto no Regulamento de funcionamento do servizo.

2.- Anualmente, ou antes, no caso de producirse cambios na situación das persoas usuarias, se lles requirirá, por parte do departamento de Servizos Sociais do Concello, para que xustifiquen documentalmente a súa situación económica e patrimonial, a efectos de actualizar a súa capacidade económica e, no seu caso, a taxa a abonar, tal e como se recolle no Regulamento do servizo de axuda no fogar.

3.- Unha vez iniciada a prestación do servizo, procederase á inclusión da persoa beneficiaria nos padróns ou matrículas desta taxa . O pagamento da contía que lle corresponda aboar a cada usuario/a farase efectivo por meses naturais nas entidades bancarias colaboradoras que se sinala, e nos prazos a tal efecto recollidos na normativa de aplicación.

4. O departamento de servizos sociais remitirá a oficina de xestión tributaria e recadación relación mensual asinada con especificación dos datos necesarios para a liquidación da taxa.

Disposición transitoria

As persoas que á entrada en vigor desta ordenanza estivesen recibindo os servizos que constitúan a obriga de pago desta taxa, continuarán conas prestacións autorizadas, pero, en todo caso, seranlles de aplicación as tarifas e demais criterios de aplicación establecidos nesta ordenanza. En tanto se determina a referencia de renda que corresponda a cada beneficiario do servizo para determinar a cota a ingresar, de acordo coas prescricións dos artigos anteriores, tomarase a cota fixada na resolución de autorización de prestación do servizo. Estas liquidacións terán carácter de liquidación provisional e practicarase a definitiva, complementaria ou con dereito a devolución,

segundo proceda, notificándolle ó obrigado ó pagamento para o ingreso da cota complementaria ou execución da devolución.

A tal efecto, por parte dos servizos sociais procederase a requirir, de ser o caso, a documentación acreditativa da renda e patrimonio no prazo dun mes dende a publicación desta ordenanza.

Disposición derogatoria

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos de axuda no fogar, que fora aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 02/06/2005 e o acordo regulador do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes segundo a lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 02/10/2008.

Disposición Final Primeira

No non disposto na presente ordenanza estarase o preceptuado na Lei Xeral Tributaria, no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes coa materia, o Regulamento do servizo de axuda a domicilio do Concello de Fene e as disposicións ou normas marco na materia, aprobadas pola Xunta de Galicia, constituirán normas de referencia para a interpretación do articulado desta ordenanza.

Disposición final Segunda

Esta ordenanza, entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte a aquel no que se produza a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

5. Aprobación, se procede, da moción conxunta dos grupos municipais sobre a modificación da Orde ministerial IET/2804/2012 do 27 de decembro, para garantir a igualdade de trato entre as empresas siderúrxicas

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por unanimidade:

“MOCION CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR (PP), PARTIDO SOCIALISTA OBREIRO ESPAÑOL (PSdeG-PSOE), BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) e ESQUERDA UNIDA (EU) DO CONCELLO DE FENE

Dona Rocío Bértoa Puente, Portavoz do Partido Popular; Don Iván Puentes Rivera, Portavoz do Partido Socialista Obreiro Español; Don Manuel Polo Gundín, Portavoz do Bloque Nacionalista Galego e Dona María do Carmen Martínez Rodríguez, Portavoz de Esquerda Unida no Concello de Fene, ó aveiro da lexislación vixente presentan, para o seu debate no pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDE MINISTERIAL IET/2804/2012 DO 27 DE DECEMBRO, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS EMPRESAS SIDERÚRXICAS, en base ós seguintes

ANTECEDENTES E MOTIVOS

A Orde Ministerial IET/2804/2012 DE 27 de Decembro, veu a introducir modificacións na Orde ITC/2370/2007, de 26 de Xullo, que regula o servizo de xestión de demanda de interrumpibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción.

Así, o novo sistema que se está a aplicar en base á devandita Orde Ministerial, incentiva a unha empresa siderúrxica en detrimento das demais deste subsector industrial, concedéndolle unha importante vantaxe competitiva respecto doutros produtos no mercado do aceiro común corrugado.

Unha das empresas que se ven afectadas pola modificación desta Orde Ministerial, é a Empresa Megasa Siderúrgica, S.L., que dende fai máis de cincuenta anos está asentada no Concello de Narón. Megasa ten na actualidade uns 200 traballadores directos, ós que teríamos que engadir cerca un millar de postos de traballo indirectos que se verán afectados por dita modificación, o que ven a

engadir un gran número de traballadores que perden o seu traballo en Ferrolterra, unha comarca xa de por si duramente castigada e, de continuar así, abocada á miseria.

A Corporación Municipal de Fene entendemos que a capacidade de crear emprego ten que ser unha prioridade do Goberno; por elo, creemos que é necesario e urxente facer visible a todos a situación de extrema gravidade na que se pode ver abocada a Empresa Megasa Siderúrgica, S.L., si esta Orde Ministerial se leva a efecto, xa que levaría aparellada a perda de moitos postos de traballo.

Por todo elo, a Corporación Municipal de Fene presenta esta MOCIÓN, para que se tomen os seguintes

ACORDOS DE RESOLUCIÓN

1º.- Instar ó Ministro de Industria á revisión da Orde IET/2804/2012 de 27 de Decembro, co fin de eliminar a desigualdade xerada coa mesma dentro das empresas do subsector do aceiro común.

2º.- Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a que esixa diante do Ministerio de Industria a solución do conflito, así como que se reciba ós representantes dos traballadores, tanto para escoitar as súas peticións como para informalos das xestións que a Xunta leve a cabo.

3º.- Dar traslado da presente moción ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Ministro de Industria, Enerxía e Turismo”.

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que cren que por parte do Pleno teñen a responsabilidade cidadá de dicirle ao goberno do PP que basta, basta de ataques e desmantelamento da comarca e máxime de atacar a un sector como este que é perfectamente competitivo, que funciona e que xera riqueza e emprego.

Di que é absolutamente incomprendible que por unha decisión puramente política, sen ningún tipo de xustificación técnica nin legal, se ataque deste xeito a unha empresa tan enraizada na comarca. O ministro a día de hoxe non foi quen de dar ningunha razón obxectiva do porqué do trato discriminatorio para Megasa. Isto depende dunha vontade política, tamén ven outras cuestións pendentes de vontades políticas como o dique flotante de Navantia, polo que se leva esperando dous anos. Súmase á petición dos traballadores para que o alcalde medie cos representantes do seu partido, inda que sabe que a solución non é do goberno de Fene nin do alcalde de Fene, pero pídelle que saiba que é o alcalde de Fene, que se esqueza do carné do PP e que defenda os intereses destes veciños e traballadores.

Engade que ve unha estratexia política contra Ferrolterra: primeiro co desmantelamento do Plan Ferrol, non se aposta polos estaleiros e tampouco pola siderurxia.

Cre que Megasa significa hoxe en postos de traballo e riqueza tanto ou máis do que significa Astano para Fene ou para a comarca de Ferrol e con isto se están cargando practicamente o único sector san e vivo que lle quedaba a Ferrolterra.

Conclúe dicindo que van votar a favor e que apoiarán todas as actuacións e mobilizacións que fagan os traballadores.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que dende o punto de vista político van apoiar a moción e di que esta decisión política é doada de revertir con outra decisión política. É dun cinismo extraordinario que o Partido Popular apoie aquí cuestións coma esta reiteradamente. O Partido Popular de Fene ten dúas solucións: ou irse do PP ou manterse no cinismo e non facer nada, xa que non ten sentido que se lles dea aquí a razón e non facer nada no Parlamento de Galicia ou no Goberno do Estado, desprezando a estes traballadores.

Engade que este país é excedentario de enerxía eléctrica e é aberrante que haxa un problema de tarifa ou taxa eléctrica na súa industria, cando o lóxico é pór os recursos enerxéticos primeiro a disposición da xente deste país, tendo unha compensación desta explotación eléctrica directamente transformándoa en industria.

Pero en vez diso, di, eses beneficios non existen, as compañías eléctricas pagan os seus impostos en Madrid, Barcelona ou Italia e non en Galicia e, inda por riba, non serven para reindustrializar o país. Remata dicindo que hai dúas cuestións fundamentais: que o PP ten que quitar a careta e outra que é máis desexable que nunca que se lles esixa a todos os gobernos que cumpran.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a solución pasa só por unha decisión política e que fala como persoa afectada por estar

casada cun traballador de Megasa. Sempre pediu que as mocións non queden gardadas nun caixón. O outro día estiveron en Santiago, no Parlamento galego e todos os voceiros dos grupos políticos agás o do PP saíron falar cos traballadores. Esquerda Unida pouco pode facer, é o grupo político con menos representantes. A proposta da moción foi consensuada e espera que o Partido Popular faga todo o que ten que facer. Sen solución política todo o que se poida facer na rúa non vai valer para nada.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Ponte, que di que subscribe as palabras ditas e di que cada vez que houbo un problema na comarca os 17 concelleiros da Corporación estiveron de acordo, por iso subscriben esta moción. Remata dicindo que subscribe as palabras do alcalde e do representante dos traballadores e afirma que estarán unidos todos os partidos políticos para facer todo o que poidan facer.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que lle di á voceira do grupo municipal do PP que está ben que voten a moción e que digan aquí que están a favor, pero dende o grupo socialista lle piden que fagan algo. Hai precedentes no Pleno de instar ao goberno municipal con asuntos que lle afectan directamente á veciñanza para que instasen á Xunta de Galicia e aínda están agardando por elas, así adiántalles que no mes de agosto unha das preguntas que fará o seu grupo e que se fixo dende o día de hoxe para lograr que se aplique o contido desta moción e unha idea podería ser que o presidente da Xunta de Galicia reciba a estes traballadores.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º.- Instar ó Ministro de Industria á revisión da Orde IET/2804/2012 de 27 de Decembro, co fin de eliminar a desigualdade xerada coa mesma dentro das empresas do subsector do aceiro común.

2º.- Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a que esixa diante do Ministerio de Industria a solución do conflito, así como que se reciba ós representantes dos traballadores, tanto para escoitar as súas peticións como para informalos das xestións que a Xunta leve a cabo.

3º.- Dar traslado da presente moción ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

6. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG contra a minaría salvaxe e contaminante

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 4 votos a favor (2 do grupo do BNG, 1 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 2 abstencións do grupo municipal do PP:

“MOCIÓN CONTRA A MINARÍA SALVAXE E CONTAMINANTE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A explotación dos recursos mineiros e particularmente dos metais, está controlada por grandes empresas transnacionais que operan baixo criterios especulativos aplicando prácticas neocoloniais. O seu alto prezo nos mercados fai que a explotación e extracción procure beneficio rápido a costa do grave impacto ambiental e riscos para saúde das persoas.

En Galiza existen 520 explotacións mineiras e as concesións chegan a abranguer máis da metade da superficie do país. A maior parte das mesmas foron autorizadas e perviven na actualidade grazas a normas aprobadas no réxime franquista, que non tiñan en conta a realidade do país nin un aproveitamento sustentábel dos recursos mineiros. O aproveitamento de determinados recursos mineiros debe ser considerado estratéxico, decidido desde Galiza en función dos seus intereses, e tutelado desde os poderes públicos para garantir a sustentabilidade ambiental e social dos proxectos.

Nin a Xunta de Galiza nin o goberno do Estado teñen o menor interese en mudar esta situación. Por exemplo, o proxecto mineiro de ouro de Corcoesto, recibiu a declaración de impacto ambiental positiva da Xunta logo de se tramitar como de interese estratéxico, sen coñecemento dos/as habitantes da zona. O mesmo aconteceu co plan sectorial de actividades extractivas, encargado ás empresas do sector mineiro (Cámara Mineira de Galiza) e furtado á participación das entidades sindicais, ambientalistas, veciñais e profesionais. Este plan ameaza espazos naturais protexidos, como a Serra do Courel, na Rede Natura, onde queren conceder 54 explotacións. Os concellos e as persoas afectadas non contan, tampouco a ordenación urbanística local. E non só é Corcoesto, en Bergantiños, senón O Ribeiro, Celanova, as Fragas do Eume, a Serra do Galiñeiro, a Limia ou Terra Chá, tamén están baixo esta ameaza.

A minaría a ceo aberto e a fractura hidráulica ou "fracking" son actividades con graves impactos sobre o territorio, o medio ambiente e os distintos usos do solo. Consume grandes cantidades de enerxía e agua e manexa substancias tóxicas, como o cianuro, que poden ter graves consecuencias para o ambiente e a saúde das persoas, a contaminación do solo e dos acuíferos.

Unha minaría a ceo aberto, salvaxe, que abre cráteres na superficie e fracturas nas profundidades, destruindo plantas, animais ou aldeas e lugares, se for preciso para os seus intereses. Pon en perigo a saúde, a calidade de vida, os recursos e os medios de vida tradicionais e sustentábeis das persoas. Produce explosións, destrución física do territorio con cráteres de centos de hectáreas e centos de metros de profundidade, embalsamento de contaminantes como metais pesados, arsénico, cianuro), elimina acuíferos e contamina as augas.

Os supostos beneficios económicos e de xeración de postos de traballo non compensan os prexuízos ambientais e socioeconómicos derivados doutros recursos naturais (forestais, agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, de lecer ou turísticos) e a saúde humana. Os permisos de investigación ligados á extracción de ouro implican o uso de cianuro, con riscos para a saúde e o medio ambiente. O cianuro é unha substancia química altamente tóxica, mesmo potencialmente letal, un dos principais contaminantes, que pode ter impactos graves e irreversíbeis na saúde humana, no medio ambiente e destrutivos na diversidade biolóxica, prohibido en moitos estados do mundo.

Existe un clamor para que se suspendan os permisos e concesións en tramitación, que se prohiba a macrominaría a ceo aberto e a minaría con cianuro, ademais da necesidade de establecer avais suficientes e seguros de responsabilidade civil que permitan cubrir a situación máis catastrófica que puidese ocorrer. E aínda máis, que Galiza sexa soberana na explotación dos seus recursos, como a minaría.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG solicita a adopción deste ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar o documento de inicio do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e elaborar un novo coa participación e consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minaría, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza.
2. Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso de cianuro ou substancias perigosas que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas de "fracking", en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.
3. Crear con urxencia o Consello da Minaría da Galiza, tal como establece a Lei 3/2008, de ordenación da minaría, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.
4. Esixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un Fondo de Restauración Ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.
5. Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía de Galiza e que dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, turísticos, forestais ou de lecer."

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, que di que anuncia o voto positivo e pide introducir unha engádegua xa que os datos que manexa da comarca os limita ao Forgoselo cando hai unha zona da costa atlántica de Ferrolterra que está afectada, polo que solicita que se engada dita zona porque saben que nun prazo non moi largo de tempo se poden sumar ditas zonas. Respecto á perigosidade das minas di que por moito que sexa a riqueza que se pretenda extraer as vetas de ouro mixturadas co cianuro van ir ás augas e ao aire, van ir dende Malpica de Bergantiños ata o Miño, é dicir, cruzan todo o país, non se fala dun impacto concentrado senón que se fala de arrasar co país de norte a sur, así os propios estudos da mina falan de 13 anos de explotación rendible e os poucos postos de traballo que se van crear non van deixar máis que miseria cando non haxa nin gandería, nin agricultura. Outro exemplo sería o que se ve en Malpica de Bergantiños onde dende hai un par de anos que hai explotacións que usan derivados do cianuro e hai parroquias que tiveron que ser abastecidas con cisternas de auga potable, por ter os seus acuíferos cunha taxa que case que cuadruplicaba a taxa permitida, sendo explotacións de moito menos impacto ambiental que das que se está a falar.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que acepta a emenda proposta de incluír a franxa de costa atlántica de Ferrolterra.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa que di que a lexislación que existe pode ser obxecto de modificación pero cre que a regulamentación é moi estrita, que é certo que houbo unha declaración de impacto ambiental e que hai veciños que están contentos con traballo que vai xerar. Di que están a favor de mellorar o medio ambiente pero sen deixar de xerar emprego.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar o documento de inicio do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e elaborar un novo coa participación e consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minaría, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza.

2. Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso de cianuro ou substancias perigosas que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas de "fracking", en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.

3. Crear con urxencia o Consello da Minaría da Galiza, tal como establece a Lei 3/2008, de ordenación da minaría, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.

4. Esixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un Fondo de Restauración Ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.

5. Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía de Galiza e que dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, turísticos, forestais ou de lecer.

7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG polo mantemento dos partidos xudiciais nas cidades e principais vilas galegas

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 2 votos a favor (1 do grupo do BNG e 1 do grupo socialista) e 3 abstencións do grupo do PP:

“MOCIÓN POLO MANTEMENTO DOS PARTIDOS XUDICIAIS NAS CIDADES E PRINCIPAIS VILAS GALEGAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do PP no Estado baralla unha reforma da Demarcación de Planta que ten como previsión na Galiza un único partido xudicial por provincia, propondo un modelo en que todos os partidos xudiciais se suprimirían para os concentrar nas capitais de provincia.

Esta reforma preténdese facer sen interlocución con axentes sociais e institucionais e decántase por un modelo provincial, que faría desaparecer todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para os concentrar na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, ademais de desprazar as segundas instancias ao Tribunal Superior de Xustiza da Galiza, afastando así a administración de xustiza da cidadanía. E faino na liña utilizada coa súa proposta de reforma da administración local: reforzar as provincias, cando se trata dunha realidade territorial superada polos cambios demográficos e institucionais nas últimas décadas.

De se aplicar unha reforma neste sentido, as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento e inaccesibilidade a un servizo público básico. O PP pretende afondar en impedir aínda máis o acceso á xustiza que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas.

De ir adiante esta proposta, cidades como Vigo, Ferrol ou Santiago de Compostela, ou vilas e concellos de dimensións relevantes que son cabeceiras de comarca veríanse privadas de contar cun partido xudicial, o cal provocaría un auténtico caos e empeoraría o servizo á cidadanía. A xustiza encareceríase, sería menos accesíbel, e obrigaría as persoas afectadas a continuos traslados a capitais de provincia coas consecuentes perdas de tempo, desembolsos económicos e demais trastornos.

O BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza na Galiza, cando é evidente que o camiño non é o da redución de xulgados. De feito, precísanse máis xulgados, mesmo unha revisión da demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que se implanten sobre todo novos xulgados en cidades e vilas que que experimentaron aumentos poboacionais significativos.

O centralismo, como vemos, non é o camiño adecuado para mellorar o servizo público de xustiza. O monopolio do Estado non pode obviar que este servizo ha de estar relacionado con outras administracións e institucións, e que mesmo a dotación de medios materiais depende nunha parte importante, no noso caso, da Xunta de Galiza. Por iso, para que a administración de xustiza estea mellor coordinada con outras estratexias de reforma e mellora administrativa, debe camiñarse cara á transferencia da competencia sobre a demarcación e planta xudicial a Galiza.

Ao taxazo xudicial e á pretensión de reformar os Rexistros Cívís, que auguran o rumbo privatizador do goberno do PP no Estado, hai que lle acrecentar agora esta nova agresión ao dereitos dos galegos e das galegas a un servizo público fundamental como é a xustiza.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a

- Retirar a proposta do Ministerio de Xustiza para establecer un único partido xudicial en cada capital de provincia, porque eliminaría os partidos xudiciais de cidades e vilas galegas de importancia.
- Impulsar unha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia á Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento

de partidos xudiciais nas cidades e nos concellos de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

- Acometer unha racionalización da xustiza fundada nos criterios de respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía e unha maior accesibilidade desprovista de custos engadidos.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que se trata dunha moción preventiva que trata sobre a liña de eliminar os actuais partidos xudiciais e que pasen a ser provinciais, de tal xeito que Ferrol quedaría sen partido xudicial, o que afectaría á veciñanza de Fene. Se os xulgados de paz quedan sen rexistro civil, se desaparecen os partidos xudiciais, desaparecerán moitos funcionarios e funcionarias de Ferrol que terán que ir á Coruña e está seguro que os cidadáns da comarca perden, pois terán que se desprazar con todos os gastos que isto supón.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia que van votar a favor porque se algo se pretende nesta posible lei non é a mellora da calidade da xustiza senón todo o contrario. A xustiza ten problemas de axilidade, accesibilidade e de darlle solucións aos cidadáns deste país en tempo e forma, sobre todo en tempo, polo tanto, non poden compartir a eliminación da planta xudicial actual. O único que busca o Partido Popular é aforrar cartos a costa de deteriorar a xustiza.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que o principal problema que ten a xustiza é Gallardón. O primeiro intento de afastar a xustiza dos cidadáns foi o aumento das taxas e agora, con isto, semella que se pretende que a xente non acuda á xustiza.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puentes, que anuncia que o seu grupo vaise abster porque o Partido Popular de Fene está en contra de que desapareza o partido xudicial de Ferrol. Isto non significa a desaparición de ningún tipo de xulgado senón que significa a desaparición do organigrama administrativo que está ao fronte do partido xudicial. Considera que esta reforma non se vai levar a cabo totalmente pero o partido xudicial de Ferrol ten moitas posibilidades de desaparecer e concentrarse na Coruña. Pásase a un novo sistema de concentración máxima dun único partido xudicial por provincia coa máxima de que a asistencia aos cidadáns sempre vai estar respaldada e legalizada, xa que en todos os xulgados hai unha oficina para tramitar todos os asuntos e esta vai seguir existindo.

Respecto do punto 3 do acordo dispositivo pensa que a día de hoxe existe, tendo en conta que hai que solucionar o tema das taxas.

Esta reforma obedece á situación económica actual, hai uns gastos inasumibles e hai moitos partidos xudiciais que non teñen servizos comúns, aínda que non é o caso de Ferrol.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que pode que algún partido non teña sentido e por iso a moción pide que se racionalice. Se a competencia de planta a ten a Comunidade Autónoma, a planta sería moito máis axeitada e adecuada á realidade de dispersión da poboación. Tanto en educación como en xustiza estanse a facer reformas na liña de favorecer ás grandes multinacionais que acaparan os servizos públicos da Administración, vese a liña ideolóxica para que o colectivo que traballa arredor da xustiza sexan os grandes bufetes.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que iso xa existe.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a:

- **Retirar a proposta do Ministerio de Xustiza para establecer un único partido xudicial en cada capital de provincia, porque eliminaría os partidos xudiciais de cidades e vilas galegas de importancia.**

- **Impulsar unha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia á Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e nos concellos de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.**
- **Acometer unha racionalización da xustiza fundada nos criterios de respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía e unha maior accesibilidade desprovista de custos engadidos.**

8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG de apoio ao pobo saharauí

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (1 do grupo do BNG e 2 do grupo socialista) e 3 abstencións do grupo do PP:

“MOCIÓN DE APOIO AO POBO SAHARAUÍ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de febreiro celebrouse o 37º aniversario da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática. Non obstante, nestes case corenta anos, nin a comunidade internacional a través das Nacións Unidas, nin o Estado español como responsábel do proceso de descolonización do Sáhara Occidental, foron quen de garantir o respecto do dereito internacional e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas que recoñecen o dereito de autodeterminación do pobo saharauí.

Hoxe, os territorios do Sáhara Occidental, repartidos en primeira instancia e co beneplácito e complicidade do Goberno español, en 1975, entre Marrocos e Mauritania, continúan ocupados de maneira ilegal polo Estado de Marrocos, unha ocupación non recoñecida por supor unha vulneración flagrante do dereito internacional. Neses territorios ocupados, miles de saharauís sofren habitualmente a represión e a violación dos dereitos humanos por parte das autoridades marroquís, o que implicou declaracións de condena e de rexeitamento en ámbitos como as Nacións Unidas ou o Parlamento europeo.

Outra parte da poboación saharauí, aproximadamente 150.000 persoas, vive refuxiada en condicións infrahumanas desde hai case corenta anos, no deserto alxeriano, un dos lugares máis inhóspitos e inhabitábeis do planeta, preto da cidade de Tinduf. E nos últimos anos, coa pretensión de dobregar o pobo saharauí, reduciuse de xeito alarmante a axuda humanitaria e o programa de alimentos, imprescindíbeis para a subsistencia dos refuxiados e refuxiadas.

En novembro de 2010, as forzas de ocupación marroquís disolveron violentamente o campamento de Gdeim Izik, nos arredores de El Aiún, organizado por máis de 20 000 saharauís para protestar polas condicións infrahumanas en que viven. Os militares marroquís causaron vítimas e persoas desaparecidas e procederon a deter e torturar 24 saharauís para obter declaracións de responsabilidade na morte de axentes marroquís nestes feitos. Xulgados por un tribunal militar, sen garantías pola falta de probas, foron condenados con penas de cadea perpetua para nove deles e catorce con penas de entre 20 e 30 anos, o que significa un novo atentado contra o dereito de autodeterminación e as leis internacionais.

O pasado 7 de febreiro, o Parlamento europeo adoptou unha resolución manifestando a súa preocupación polo feito de se continuaren violando os dereitos humanos no Sáhara Occidental, pedindo protección aos dereitos fundamentais do pobo saharauí, incluída a liberdade de asociación, expresión e manifestación; esixindo a liberación das presas e presos políticos. Para alén diso, o Parlamento europeo parabenizou o nomeamento dun enviado especial e subliñou a necesidade dun seguimento internacional. Finalmente, manifestou o seu apoio a unha solución xusta e duradeira ao conflito, baseada no dereito á autodeterminación do pobo saharauí, de acordo coas resolucións das Nacións Unidas.

Tamén, en todo este tempo, foron numerosas as mostras de solidariedade do pobo galego co pobo saharauí traducidas de xeito especial nos centos de familias que todos os veráns acollen cativos e cativas procedentes dos campos de refuxiados de Tinduf.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharauí, expresar a condena pola ocupación ilegal que fai Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamar a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquís, esixindo a liberdade de todas as presas e presos políticos, así como dos 24 saharauís condenados polos feitos de Gdeim Izik.

2. Por parte do Goberno municipal:

1. Estabelecer a irmandade cunha daira saharauí, dotando esta irmandade de contido político, cultural, económico, solidario...

2. Reforzar a cooperación directa coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz...)

3. Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a esixencia de que Marrocos cumpra as resolucións de Nacións Unidas.

4. Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados e refuxiadas de Tinduf.

5. Dar traslado destes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno español, ministro español de asuntos exteriores, portavoces dos grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, representante da Unión Europea para asuntos exteriores e política de seguridade, embaixada de Marrocos no estado español, representante do Frente Polisario na Galiza e presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que o tema do Sahara leva 37 anos dende a proclamación da República Árabe Saharai e que dende 1975 levan vivindo en condicións deplorables. Dende Fene se fixo moito traballo de cooperación e queren ir un paso máis alá porque se trata dunha cuestión de xustiza.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia que van votar a favor da moción porque a situación do pobo saharauí é unha das grandes vergoñas humanitarias internacionais, un dos grandes descréditos da ONU e unha das grandes vergoñas da vida política deste país. España coma antiga metrópole ten unha parte moi importante de responsabilidade; pensa que o Sahara e Palestina son dos poucos casos que quedan pendentes de resolver no mundo e, neste caso, é evidente que se trata dunha cuestión económica para favorecer a Marrocos no que se obvian todo tipo de dereitos humanos, polo que unha vez máis van votar a favor desta moción e desta causa.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que quere puntualizar que isto que ocorre con este pobo tamén é terrorismo.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa, di que é unha mágoa que estas mocións teñan que vir ao Concello porque a situación non cambia e anuncia que van votar a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharauí, expresar a condena pola ocupación ilegal que fai Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamar a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquís, esixindo a liberdade de todas as presas e presos políticos, así como dos 24 saharauís condenados polos feitos de Gdeim Izik.

2. Por parte do Goberno municipal:

1. Estabelecer a irmandade cunha daira saharauí, dotando esta irmandade de contido político, cultural, económico, solidario...

2. Reforzar a cooperación directa coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz...)

3. Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a esixencia de que Marrocos cumpra as resolucións de Nacións Unidas.

4. Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados e refuxiadas de Tinduf.

5. Dar traslado destes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno español, ministro español de asuntos exteriores, portavoces dos grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, representante da Unión Europea para asuntos exteriores e política de seguridade, embaixada de Marrocos no estado español, representante do Frente Polisario na Galiza e presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

9. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía de aprobación inicial do Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Fene

Consta no expediente a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente por informe de secretaría 146/2013 de 21.6.2013 e ditaminada favorablemente por 5 votos a favor (3 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal do BNG) e 2 abstencións (1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto municipal):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Fene precisa actualizar a súa normativa reguladora do servizo de axuda no fogar á normativa autonómica publicada dende o ano 2009. Por este motivo preséntase a presente proposta de regulamento que integrará o servizo básico e por dependencia, coa conseguinte derogación dos dous regulamentos municipais vixentes na materia.

Visto o informe favorable de secretaría 146/2013 e sendo competente o pleno para a adopción deste acordo en virtude do artigo 22 LBRL, propoño ao pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o regulamento municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Fene que se transcribe de seguido:

REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FENE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunicades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

O Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos sociais, que regula o dereito de todas as persoas aos Servizos Sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir ese dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española de 1978 no seu artigo 9.3.

Aprobada a Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, recoñécelles o dereito ao servizo público de axuda no fogar ás persoas valoradas ao abeiro desta lei que teñan solicitado e concedido o Plan Individual de Atención para aplicación deste servizo.

O artigo 6.2 do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece que as entidades locais de Galicia participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia nos termos previstos na Lei 39/2006, de 14 de decembro, e na [Lei 13/2008, de 3 de decembro](#), de servizos sociais de Galicia, no marco das competencias que a lexislación vixente lles atribúan.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 11, como funcións dos servizos sociais comunitarios básico, recolle no apartado f) a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, polo que de conformidade co marco normativo referenciado, o Concello de Fene, dentro das competencias que lle atribúe a normativa vixente, presenta este Regulamento, para aplicación no seu ámbito territorial, do Servizo Público de Axuda no Fogar.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto e definición

1.-É obxecto do presente regulamento establecer o funcionamento e a xestión do servizo de axuda no fogar municipal ao abeiro da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar e do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Este regulamento abranguirá os dous sistemas: o básico, de libre concorrência e o de dependencia, este último ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e demais normativa que o regula.

2.-Segundo o indicado na Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, no seu artigo 23 o servizo de axuda no fogar está constituído polo conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, prestadas por entidades ou empresas, acreditadas para esta función, e que poderán ser os seguintes:

a) Servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades da vida diaria.

b) Servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar: limpeza, lavado, cociña ou outros. Estes servizos só poderán prestarse conxuntamente cos sinalados no apartado anterior.

Excepcionalmente e de forma xustificada, os servizos sinalados nos apartados anteriores, poderán prestarse separadamente, cando así se dispoña no Programa Individual de Atención, previa motivación pola administración competente na resolución de concesión da prestación.

Segundo o art. 3º da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, "o servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar"

Segundo o artigo 9 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento "Servizo de axuda no fogar (SAF), que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo".

Artigo 2.- Obxectivos

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de risco persoal e/ou conflitos familiares, así como situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 3.- Tipoloxía

1.- De conformidade coa valoración técnica que en cada caso se realice polos servizos sociais do concello, no marco do servizo de axuda no fogar, poderán prestarse os seguintes tipos de atencións de carácter básico:

a) Atención de carácter persoal na realización das actividades da vida diaria tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio nos cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas e tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación de alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por servizos complementarios como lavandería ou xantar a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía a domicilio.
- Servizo de fisioterapia a domicilio.

3.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4.- En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5.-En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no Acordo de Servizo que se formaliza coa persoa usuaria e o concello.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo

Artigo 4.- Persoas beneficiarias:

O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidades, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 5 - Dereitos das persoas usuarias:

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 6 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.
2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
8. A coñeceren a situación do seu expediente.
9. A seren informadas, de xeito craro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.
10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.
12. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 6.- Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 7 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e, se é o caso, na normativa sectorial vixente, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesioal das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puídese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
9. Participar no pagamento do servizo nos termos que se establezan na ordenanza municipal.
10. Comunicar enfermidades infectocontaxiosas para tomar medidas de protección necesarias para os profesionais e facilitar datos médicos co obxecto de cumprir a normativa de prevención de riscos laborais.
11. Non realizar cambios de horarios, tarefas, etcétera, sen autorización do técnico responsable do servizo
12. Permanecer no domicilio mentres se preste o servizo.
13. Cumplir estrictamente as normas de funcionamento do servizo recollidas no artigo 11 deste regulamento.

CAPÍTULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Sección 1ª: Disposicións comúns

Artigo 7.- Formas de prestación do servizo.

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Fene ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 8.- Requisitos específicos da prestación do servizo.

1.-Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

| Número de persoas usuarias | Persoal técnico mínimo |
|----------------------------|---|
| 50 a 99 | 1 técnico/a titulado/a xornada completa |
| 100 a 199 | 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| 200 a 399 | 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| Incrementos sucesivos | Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa |

2.-O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3.-O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4.-O Concello de Fene, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo IV desta ordenanza.
- Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Fene e a persoa usuaria, segundo o Anexo V desta ordenanza.
- Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

5.-En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Sección 2ª: Da prestación do servizo

Artigo 9.- Modalidades e requisitos de acceso ao servizo:

9.1.-O acceso ao servizo de axuda no fogar producirase de acordo coas seguintes modalidades:

1. Acceso directo: O acceso será prioritario e directo para aquelas persoas empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Fene ás cales, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles

asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010.

Para estes efectos, o Concello de Fene procederá a dar de alta ás persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos.

Para proceder ás altas no servizo de axuda no fogar, o persoal técnico poderá solicitar ás persoas interesadas que acheguen orixinal ou copia compulsada da resolución de concesión do PIA no que se lle recoñeza o citado servizo, con indicación da intensidade recoñecida, así como outra documentación necesaria para a formalización da documentación de alta.

As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Acceso de libre concorrencia: Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

A) presentación da solicitude no Rexistro Xeral de entrada do Concello de Fene, segundo anexo 1, acompañada da seguinte documentación:

- o Fotocopia compulsada do DNI de todas as persoas convivintes.
- o No caso de existencia de menores, fotocopia compulsada do Libro de Familia ou Certificación Literal de Nacemento.
- o Copia da sentenza de separación, e/ou Acordo Regulador, no seu caso.
- o Informe médico en impreso cuxo modelo se facilitará e que consta como *anexo III* neste documento.
- o Fotocopia compulsada do certificado oficial de minusvalía vixente, e/ou notificación da valoración de dependencia positiva ou negativa, no seu caso.
- o Xustificantes económicos da persoa solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia, a saber: fotocopia da/s última/s declaración/s da renda das persoas físicas, nóminas e/ou contratos de traballo, recibo/s actualizado/s de pensión/s, vidas laborais, certificados do Inem e todos aqueles documentos que sexan solicitados polo persoal técnico co fin de aclarar a situación económica persoal e/ou familiar.
- o Certificación bancaria de intereses e retencións de todas as persoas que forman parte da unidade de convivencia correspondente ao ano inmediatamente anterior ao que se cursa a solicitude.
- o Certificación negativa ou positiva da Declaración de Patrimonio de todos os compoñentes da unidade de convivencia.
- o Contrato de alugueiro, no seu caso, e recibos pagados dos derradeiros 3 meses, ou recibos de amortización da vivenda, no seu caso, así como copia compulsada do recibo de contribución da vivenda.
- o Volante de empadramento colectivo
- o Certificados municipais de Rústica, Urbana e IAE, así como certificado de IVTM de tódalas persoas que integran a unidade de convivencia.
- o Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo. O prazo para presentar as solicitudes está aberto todo o ano.

B) Valoración das solicitudes presentadas por parte do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I.

Transcorrido un prazo máximo de 3 meses, a contar dende o día seguinte ó que fora completada a documentación preceptiva, sen formalizarse a resolución, a persoa interesada deberá entender denegada a súa solicitude.

C) Resolución das solicitudes por Decreto de Alcaldía, podendo esta competencia ser delegada de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei de Bases de Réxime Local, en función da orde de puntuación do Baremos Aplicable. En caso de empate de dúas ou máis solicitudes estas resolveranse priorizando a maior puntuación no apartado 1 a) e o menor nivel de recursos económicos do apartado 5). De persistir o empate se terá en conta a maior puntuación nos apartados 2 e 3 respectivamente.

A resolución fará indicación expresa do número de horas que se prestarán e a porcentaxe de financiamento da persoa usuaria sobre o custo total do servizo. No caso de ser desfavorable, o acordo deberá de motivar as razóns de denegación.

3. Acceso por urxencia sobrevida: Nos casos de urxencia sobrevida, entendendo por tal os de aquelas persoas que se atopen nunha situación de extrema e urxente necesidade, previamente valorada polo persoal técnico de Servizos Sociais, mediante resolución motivada de Alcaldía ou órgano no que delegara procederase a iniciar de oficio a prestación do servizo de xeito inmediato, e sen prexuízo da posterior instrucción do correspondente expediente.

A estes efectos, no prazo máximo dun mes dende o inicio da prestación, deberá cursarse a oportuna solicitude e aportar a documentación necesaria para a oportuna tramitación do expediente de libre concorrencia.

9.2.-As persoas que opten polo sistema de libre concorrencia deberán ademáis cumprir os seguintes requisitos:

a) Xerais:

- Empadramento e residencia efectiva no Concello de Fene, cunha antigüidade mínima de 3 meses.
- Que se trate de persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo.
- Ter limitada en certa medida a autonomía persoal para a realización das Actividades Básicas da Vida Diaria (A.B.V.D.) e acadar un mínimo de 5 puntos no apartado 1-A) Autonomía Persoal no Baremo de Acceso.
- Carecer de familia en convivencia que se poida facer cargo da atención da persoa solicitante ou sufrir desatención familiar e acadar un mínimo de 3 puntos no apartado 2.) Apoio familiar e social, do Baremo de Acceso.
- Precisar o servizo de axuda no fogar por algunha das outras causas recollidas no Baremo de Acceso ao Servizo.

b) Económicos:

-Que a unidade de convivencia non supere o nivel de recursos económicos que se establecen en función do número de membros convivintes, que é o seguinte, a saber:

- Para as persoas que viven soas, o límite de ingresos regulares se establecerá no 225% do IPREM vixente para cada ano.
- Para dúas persoas en unidade de convivencia o límite se establecerá no 200 % do IPREM per capita vixente para cada ano.
- Para tres e catro persoas en unidade de convivencia o límite se establecerá no 175 % do IPREM per capita vixente para cada ano.

-Que a persoa solicitante e o resto dos membros da unidade de convivencia cumpran, ademais, os seguintes requisitos económicos, a saber:

b.1.) No referente á existencia de capital mobiliario:

Establecerase como límite dos recursos procedentes do capital mobiliario, a saber, contas de aforros, fondos de inversión, etc. o de 18.000 euros no conxunto das contas bancarias que posúa a unidade

familiar e terase en conta o saldo medio e o saldo a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao que se curse a solicitude; o que deberá acreditarse mediante presentación das certificacións bancarias de todas as persoas convivintes. Aqueles solicitantes que superen este saldo bancario, aínda que reúnan o resto dos requisitos, non poderán beneficiarse deste programa.

b.2) No referente ao capital inmobiliario:

Que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar, non sexa propietaria e/ou usufructuaria de bens inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indiquen de xeito notorio a existencia de medios materiais suficientes para atender ao gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade referente á vivenda habitual destinada ao uso propio.

Artigo 10 .-Desenvolvemento da prestación do servizo

1.-O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende a aplicación informática do Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia.

2.-Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio.

3.-A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4.-Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V desta ordenanza.

5.-O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo IV desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

6.-Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia dos dereitos e deberes recollidos na ordenanza municipal de axuda no fogar.

7.-Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8.-Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

9.-O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando meno, a documentación prevista no artigo 8.4 deste regulamento.

10.-Para o seguimento do servizo poderanse realizar as seguintes actividades:

a) Supervisións individuais do/a traballador/a social responsable con cada un/unha dos/as auxiliares de axuda no fogar, cunha periodicidade quincenal ou a que se determine, que informarán verbalmente sobre a marcha do servizo, realización de actividades, cumprimento de obxectivos, problemáticas ou dificultades que se lles presentan no desenvolvemento do mesmo, etc. O/A auxiliar presentará por escrito os informes de incidencias do traballo realizado se fose necesario.

b) Reunións grupais do conxunto das traballadoras donde se realizarán seguimentos e avaliación, información sobre programas, axudas e prestacións, coordinación en actuacións, directrices a seguir, recepción de demandas e suxestións do/as usuario/as e/ou dos/as profesionais implicados., etc. previa convocatoria do/a coordinador/a do programa.

c) Entrevistas individuais de seguimento cos/as usuarios/as e realización de visitas domiciliarias, coa finalidade de coñecer o grao de satisfacción co desenvolvemento do servizo, recoller suxestións, demandas, ou para a solución de calquera necesidade ou problemática presentada pola persoa usuaria ou familia.

Artigo 11.- Sobre as normas xerais de funcionamento do servizo:

A sinatura do Acordo entre a persoa usuaria e o Concello supón a aceptación do servizo nas condicións establecidas no mesmo no tocante á asignación de horarios, así como a aceptación das normas que rexen o funcionamento do mesmo e que son as seguintes:

1. En relación ao persoal de axuda no fogar:

- a) A súa actuación no domicilio das persoas usuarias debe axustarse ao proxecto de intervención establecido polo persoal técnico responsable do Servizo de Axuda no Fogar, que será de obrigado cumprimento.
- b) En ningún caso poderán levar a cabo:
 - A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención
 - Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.
- c) A súa actuación deberá dar preferencia sempre á atención e cuidados persoais fronte á limpeza da vivenda.
- d) Non traballarán no domicilio das persoas usuarias en ausencia destas.
- e) Non deberán facilitar o teléfono persoal nin o seu enderezo ás persoas que atenden, sendo as relacións entre ambos/as estritamente profesionais.
- f) Non poderán utilizar o seu vehículo propio para os desprazamentos das persoas usuarias e/ou familia.
- g) Non disporán de chaves dos domicilios nos que traballen, agás casos especiais nos que, previa solicitude escrita da persoa usuaria e/ou familia, conte coa autorización expresa dos Servizos Sociais do Concello.
- h) En caso de baixa laboral por enfermidade, maternidade, vacacións do/a traballador/a ou outras causas, a persoa usuaria será atendida por outro/a profesional que se designe, debendo serlle restablecido o servizo o máis rápido que sexa posible e en ningún caso deberá exceder dunha semana.

2. En relación ás persoas usuarias e ás súas familias:

- a) As persoas usuarias non poderán facilitar o seu teléfono ao persoal auxiliar de axuda no fogar, para garantir o carácter profesional da relación establecidas
- b) Non poderán solicitar ao persoal auxiliar a realización de tarefas que non estén recollidas no correspondente proxecto de intervención

- c) Non poderán realizar modificacións nos distintos aspectos do servizo: horarios, días de atención, etc... En caso de precisar algunha modificación as persoas usuarias deberán acudir aos Servizos Sociais, onde a persoa técnica responsable estudiará a demanda e, se fose oportuno, procederá a realizar os cambios solicitados.
- d) Calquera queixa ou suxestión en relación ao servizo deberá poñerse en coñecemento do persoal técnico responsable e nunca será dirimida ou resolta directamente co persoal auxiliar de axuda no fogar.
- e) As persoas usuarias terán dereito á suspensión temporal do servizo segundo as directrices establecidas no artigo 15
- f) Deberán colaborar e facilitar o traballo do persoal auxiliar de axuda no fogar en todo momento, proporcionándolles aqueles útiles precisos para levalo a cabo.
- g) Colaborar no desenvolvemento axeitado das funcións de coordinación e seguimento encomendadas ao persoal técnico responsable do servizo.

3. En relación ao persoal técnico responsable do servizo:

- a) Realizará supervisións individuais e reunións periódicas con todas as persoas auxiliares de axuda no fogar.
- b) Corresponderalle a coordinación e seguimento do servizo, polo que as persoas usuarias do mesmo, deberán colaborar no desenvolvemento axeitado destas funcións
- c) Deberá informar ás persoas usuarias de calquera variación nos horarios, días de atención, auxiliares designadas, etc... que fose preciso realizar por causas xustificadas e obxectivas. Estas variacións deberán ser recollidas nun novo Proxecto de Intervención e, se fose necesario, nun novo Acordo do Servizo.
- d) Deberá elaborar mensualmente un cadrante do servizo especificando horas prestadas e usuarios, especificando claramente as suspensións do servizo por períodos inferiores a 6 días naturais consecutivos.

Artigo 12 .- Intensidade na prestación do servizo e horarios de atención:

1.-A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe social do departamento de servizos sociais.

2.-A intensidade da atención de cada persoa beneficiaria no sistema básico ou de libre concorrencia será determinada en función da valoración de cada caso e do Proxecto de Intervención que se determine por parte da traballadora social de referencia, sen que poida exceder, con carácter xeral, de 2 horas ao día ou 12 horas á semana. Os horarios de atención poderán abranguir de luns a sábado, ambos inclusive, en horario comprendido entre as 8,00 h. da mañá e as 15 h. do serán. Nembargantes tanto os horarios como a intensidade serán determinados por parte da traballadora social e/ou equipo técnico do departamento, en función das necesidades reais de cada caso, tendo en conta as preferencias da persoa usuaria e/ou familia.

3.-A intensidade na prestación do servizo de axuda no fogar no sistema de dependencia determinarase en función do número de horas asignadas á persoa beneficiaria a través do seu Programa Individual de Atención (PIA) aprobado e notificado por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e do Programa de Asignación de Recursos (PAR). O Concello de Fene respectará a orde de prelación do PAR e prestará as horas asignadas pola Xunta, agás renuncia por escrito por parte da persoa usuaria e/ou familia ou agás que o Concello non dispoña do total de horas mensuais asignadas libres. Neste último caso o Concello ofertará á persoa usuaria o máximo de horas que poida prestarlle.

A aplicación horaria será flexible e conforme co Proxecto de Intervención, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais, as fins de semana e festivos.

O horario abranguirá entre as 7,00 da mañá e as 22 horas do serán; en todo caso, se establecerá o horario máis axeitado tendo en conta as preferencias da persoa usuaria e/ou familia.

Os servizos prestados nas fins de semana (sábados pola tarde e domingos) serán os mínimos e imprescindibles para as persoas usuarias, garantindo a súa atención persoal máis básica (aseos, cambios posturais, alimentación), relegando outras tarefas complementarias e non imprescindibles

(tarefas domésticas, acompañamentos) aos días laborables. En todo caso, teranse en conta as circunstancias persoais de cada persoa usuaria.

Artigo 13.-Da participación das persoas beneficiarias na financiación do servizo:

De acordo co establecido na Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 56.1. "Acordarase, de ser o caso, a achega das persoas usuarias ao financiamento dos servizos sociais mediante o establecemento dun sistema de prezos públicos..." e no artigo 56.2.- "A Administración, para determinar a participación das persoas usuarias no financiamento do sistema, terá en conta, nos baremos que regulamentariamente se establezan, a natureza do servizo, o custo de referencia e a capacidade económica da persoa usuaria, especialmente, o seu nivel de renda e o sector de poboación a quen se dirixa a prestación do servizo"

Consonte ao establecido pola Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e resto de normativa que a desenvolve, os/as beneficiarios/as deste servizo participarán na financiación do mesmo en función da súa capacidade económica persoal, pagando as cotas que se establezan a través da aplicación da correspondente ordenanza fiscal.

Seguindo as directrices do artigo 58.1.c) do Decreto 99/2012 do 16 de marzo polos que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: "As corporacións locais aprobarán e xestionarán o sistema de contribución ao financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, en función da capacidade económica destas, de acordo co establecido nos artigos seguintes e na normativa específica de aplicación"

Artigo 14.-De como se establecerán as cotas de participación:

Para establecer as cotas de participación das persoas usuarias do servizo, utilizaranse 2 criterios diferentes, que se recollerán na correspondente Ordenanza Fiscal.

1.- No que respecta ao sistema básico, o departamento de servizos sociais, a través da traballadora social que corresponda, fará a valoración das circunstancias económicas e o establecemento da cota que lle corresponda aboar en función do baremo que para tal fin se aprobe na Ordenanza Fiscal correspondente

2.- No que respecta ao sistema de dependencia, aplicarase a capacidade económica que determine a Xunta de Galicia e comunique ao concello explicitamente a través do Servizo de Atención á Dependencia, polas vías establecidas.

3.- En ambos casos, a persoa usuaria e/ou familia, deberá aceptar previamente o pago da cota como condición básica para que se lle poda prestar o servizo de axuda no fogar.

Artigo 15.- Da suspensión do servizo.

As persoas beneficiarias terán dereito á suspensión temporal do servizo nos supostos e termos establecidos neste artigo, previa solicitude por escrito ante o Rexistro Xeral de Entrada.

Na solicitude terase que especificar as causas que motivan a ausencia e deberá estar cursada con 10 días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles.

a) Son causas de suspensión temporal do servizo por libre concorrencia as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión.

b) Son causas de suspensión temporal do SAF-dependencia:

1. O internamento da persoa beneficiaria nunha institución sanitaria,
2. Estadía temporal nun centro de atención residencial

3. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá ser suspendido por un período máximo de dous meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a ausencia.

As suspensións do servizo debidamente xustificadas por períodos inferiores a 6 días naturais consecutivos non precisarán resolución do órgano competente, pero deberán ser xustificadas no cadrante mensual a elaborar polo persoal técnico responsable do servizo conforme ao establecido no artigo 11 deste regulamento.

Artigo 16.- Da modificación e extinción do servizo:

a)As persoas usuarias do servizo poderán, por causas xustificadas, solicitar modificacións na prestación do seu servizo, como é o aumento de horas en caso de non disfrutar das horas máximas, cambios de horario ou de programación, modificación de aspectos do Proxecto de Intervención ou similares. Estas solicitudes deberanse cursar por escrito, presentándose no rexistro xeral de entrada do concello.

Unha vez estudiada a petición, e de ser posible, procederase á concesión do servizo coas modificacións solicitadas, extremo que se comunicará por escrito e que se reflectirá no correspondente Proxecto de Intervención. En caso contrario, notificarase a denegación ou ben quedará á agarda de poder facerse efectivo o cambio.

b) Son causas de extinción do servizo as seguintes:
-SAF básico:

1. A renuncia da persoa usuaria.
2. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
3. Falecemento da persoa usuaria.
4. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
5. A falta reiterada de pagamento das cotas do servizo.
6. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

-SAF-Dependencia:

1. O falecemento, ou declaración de falecemento, da persoa en situación de dependencia.
2. A renuncia expresa da persoa en situación de dependencia ou do seu representante. Entenderase igualmente por renuncia non proceder á alta no servizo no prazo fixado por causa imputable á persoa usuaria.
3. A perda dalgún dos requisitos exixidos na normativa vixente para a súa percepción.
4. A ocultación ou falsidade nos datos e/ou documentos que deben ser tidos en conta para a concesión do servizo que determinase a imposibilidade do seu desfrute ou a variación nas condicións deste.
5. A percepción doutra prestación incompatible.
6. A revisión do programa individual de atención no cal se determine outra modalidade de intervención
7. O traslado definitivo da súa residencia a outro municipio ou provincia, cando este traslado

signifique a imposibilidade de prestar o servizo, así como nos supostos de traslado definitivo da súa residencia a outra Comunidade Autónoma.

8. O incumprimento dos deberes e obrigas establecidos para as persoas usuarias dos servizos que signifique a imposición dunha sanción que implique a extinción da prestación do servizo, conforme a normativa vixente.

9 .O transcurso do prazo máximo establecido para a suspensión do servizo sen que a persoa beneficiaria se incorpore ao seu desfrute do mesmo

10. Por calquera outra causa establecida para o efecto na normativa vixente.

c) Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

d) Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, a incoación, por parte do Concello de Fene, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para dictar resolución de Programa Individual de Atención.

e) A extinción das condicións de prestación do servizo requirirá resolución do órgano competente, previa tramitación do correspondente expediente, no que se dará audiencia, nos termos procedentes, á persoa interesada.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto no presente regulamento, será de aplicación o disposto na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e a normativa estatal e autonómica que a desenvolve.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor do presente regulamento quedará derrogado o regulamento do servizo de axuda a domicilio para persoas en situación de dependencia valorada publicado no BOP o 11 de decembro de 2008 e o regulamento do servizo de axuda no fogar (SAF) publicado no BOP o 27.1.1999.

ANEXO I: BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

Apartado 1) Autonomía persoal:

| A) Valoración por autonomía persoal (puntuaranse un máximo de 3 factores, máximo de 15 puntos) | Puntuación |
|---|------------|
| Presenta dificultades para o aseo persoal | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para vestirse/desvestirse | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para levantarse e deitarse | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para comer pola súa man | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para o control de esfínteres e o uso do WC | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para o desprazamento pola vivenda | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a realización das tarefas domésticas | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a preparación de comidas | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a atención da roupa: lavar, poñer lavadora, tender e/ou recoller, pasar o ferro e outras. | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a súa autoprotección | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a organización da casa, xestión do orzamento familiar, normas, cumprimento de horarios e rutinas básicas, toma de medicación, etc. | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para saír do domicilio | De 0 a 5 |

B) Táboa equivalencias para a valoración do nivel de autonomía persoal

| De 33% a 64 % de discapacidade | De 65% a 74% de discapacidade | 75%-100% | | 81%-87% | | 88%-93% | | 94%-100% | Grado de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP o BVD |
|--------------------------------|-------------------------------|---|---------------|--|---------------|--|---------------|--|--|
| | | 75%-100% discapacidade e ata 14 pts ATP | | 75%-100% discapacidade e 15-29 pts ATP | | 75%-100% discapacidade e 30-44 pts ATP | | 75%-100% discapacidade e 45-72 pts ATP | Grado de Discapacidade + Ayuda Terceira persoa. ATP RD 1971/1999 |
| | | 75% discapacidade e 24 pts BVD | 25-39 pts BVD | 40-49 pts BVD | 50-64 pts BVD | 65-74 pts BVD | 75-89 pts BVD | 90-100 pts BVD | Grado de Discapacidade + Ayuda Terceira persoa. Puntuación BVD (RD 504/2007) |
| | | | Grao I, | Grao I | Grao II | Grao II | Grao | Grao III | Situación da |

C.I.F.: P-1503600-G

| | | | | | | | | | |
|--------|---------|---------|------------|---------|---------|---------|----------------|---------|-------------------------------------|
| | | | Nivel 1 | Nivel 2 | Nivel I | Nivel 2 | III Nivel 1 | Nivel 2 | dependencia Decreto 176/2007 |
| 5 ptos | 10 ptos | 14 ptos | 20 ptos | 24 ptos | 30 ptos | 32 ptos | 38 ptos | 40 ptos | PUNTUACION AUTONOMIA PERSONAL |

| | |
|--|--|
| <i>TOTAL PUNTOS DE AUTONOMIA PERSOAL</i> | |
|--|--|

Apartado 2) Apoio familiar e social:

| <i>Valoración por apoio familiar e social (máximo de 20 puntos)</i> | Puntuación |
|--|------------------|
| A persoa vive soa, carece de familiares e /ou redes distintas de apoio | 20 puntos |
| A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes | 18 puntos |
| A persoa convive con persoas sen capacidade para atendelo <ul style="list-style-type: none"> • Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) • Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) • Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) • Con incapacidade para organizarse (3 puntos) | Ata 12 puntos |
| Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades, convivintes ou non coa persoa solicitante. | 8 puntos |
| Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelo/a no mesmo concello ou a menos de 20 kms. | 5 puntos |
| Persoa que está ben atendida// Ou en convivencia con persoas válidas con capacidade de axuda. | 0 puntos |
| <i>TOTAL PUNTOS POR APOIO SOCIAL</i> | |

Apartado 3) Situación familiar/socialización menores

| <i>Valoración situación familiar/socialización menores (máximo 20 puntos)</i> | Puntuación |
|--|------------------|
| 3.1.- CONFLICTO | Máximo 4 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Con membro xerador de conflito de nivel moderado | 1 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Con membro xerador de conflito de nivel grave | 2 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Con máis de 1 membro xerador de conflito de nivel moderado. | 3 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Con máis de 1 membro xerador de conflito de nivel grave. | 4 puntos |
| 3.2.-LIMITACIÓN DE ROL | Máximo 2 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Familias en que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores. | 2 puntos. |
| 3.3.-MONOPARENTALIDADE | Máximo 2 puntos. |
| <ul style="list-style-type: none"> • Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...), non poidan atender aos menores. | 2 puntos. |
| 3.4.-HABILIDADES PARENTAIS | Máximo 2 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración dos orzamentos, ausencia de roles, organización...) | 2 puntos. |

| | |
|--|-------------------|
| 3.5.-NÚMERO DE MENORES | Máximo 10 puntos. |
| • Un menor | 3 puntos |
| • Dous menores | 5 puntos |
| • Tres menores | 7 puntos |
| • Catro ou máis menores | 10 puntos. |
| <i>TOTAL PUNTOS POR SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES</i> | |

Apartado 4) Outros Aspectos Sociais

| Valoración por outros aspectos sociais (máximo total 20 puntos) | Puntuación |
|--|------------------|
| 4.1.-VIVENDA | Total 10 puntos |
| • Non hai luz eléctrica | 1 punto |
| • Non hai auga corrente | 1 punto |
| • Non posúe WC | 1 punto |
| • Non posúe cuarto de baño completo | 1 punto |
| • Non ten neveira | 1 punto |
| • Non ten quentador | 1 punto |
| • Non ten lavadora | 1 punto |
| • Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade | 1 punto |
| • Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda | 1 punto |
| • Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda | 1 punto |
| 4.2.-INTEGRACIÓN NO CONTORNO | Total 10 puntos. |
| • Situación de illamento ou de rexeitamento | 10 puntos. |
| • Ausencia de relacións sociais | 6 puntos. |
| • Existen escasas relacións coas persoas do contorno | 4 puntos |
| • Integración axeitada no contorno | 0 puntos |
| <i>TOTAL PUNTOS POR OUTROS ASPECTOS SOCIAIS</i> | |

Apartado 5) Condicións económicas da unidade de convivencia: Valoración doutros aspectos económicos (máximo de 30 puntos)

| Para persoas que vivan soas. Nivel de Renda Média-Renda Pércapita: | Puntuación |
|---|------------|
| Ate o 75 % so IPREM Ate 399,38 euros mensuais e ate 5.591,32 euros anuais. | 30 puntos |
| Superior ao 75 e ate o 100 % do IPREM Superior a 399,38 e ate 532, 51 euros mensuais. Superior a 5.591,32 e ate 7.455,14 euros anuais. | 25 puntos |
| Superior ao 100 % e ate o 125 % do IPREM Superior a 532,51 e ate 665,63 euros mensuais Superior a 7.455,14 e ate 9.318,82 euros anuais | 20 puntos |
| Superior ao 125 % e ate o 150 % do IPREM Superior a 665,63 e ate 798,76 euros mensuais Superior a 9.318,82 e ate 11.182,64 euros anuais | 10 puntos |

| | |
|---|-----------|
| Superior ao 150 % e ate o 175 % do IPREM Superior a 798,76 e ate 931,89 euros mensuais Superior a 11.182,64 e ate 13.046,46 euros anuais | 8 puntos |
| Superior ao 175 e ate o 200 % do IPREM Superior a 931,89 e ate 1.065,02 euros mensuais Superior a 13.046,46 e ate 14.910,28 euros anuais | 5 puntos. |
| Superior ao 200 % e ate o 225 % do IPREM Maior de 1.065,02 e ate 1.198,14 euros mensuais Maior de 14.910,28 e ate 16.773,96 euros anuais. | 2 puntos. |
| Maior do 225 % do IPREM Maior de 1.198,14 euros mensuais e 16.773,96 euros anuais. | 0 puntos. |

| <i>Para 2 persoas en unidade de convivencia. Nivel de Renda Média-Renda Pércapita:</i> | Puntuación |
|--|------------|
| Ate o 60 % do IPREM Ate 319,50 euros mensuais Ate 4.473 euros anuais. | 30 puntos |
| Superior ao 60 e ate o 75 % do IPREM Superior a 319,50 e ate 399,38 euros mensuais Maior de 4.473 e ate 5.591,32 euros anuais | 25 puntos |
| Superior ao 75 % e ate o 100 % do IPREM Superior a 399,38 e ate 532,51 euros mensuais Maior de 5.591,32 e ate 7.455,14 euros anuais | 20 puntos |
| Superior ao 100 % e ate o 125 % do IPREM. Superior a 532,51 e ate 665,63 euros mensuais Maior de 7.455,14 e ate 9.318,82 euros anuais | 10 puntos |
| Superior ao 125 e ate o 150 % do IPREM. Superior a 665,63 e ate 798,76 euros mensuais Maior de 9.318,82 e ate 11.182,64 euros anuais | 8 puntos |
| Superior ao 150 e ate o 175 % IPREM Superior a 798,76 e ate 931,89 euros mensuais Maior de 11.182,64 e ate 13.046,46 euros anuais | 5 puntos |
| Superior ao 175 e ate o 200 % do IPREM Superior a 931,89 e ate 1.065,02 euros mensuais Superior a 13.046,46 e ate 14.910,28 euros anuais | 2 puntos. |
| Superior ao 200 % IPREM, máis de 1.065,02 euros mensuais e 14.910,28 euros anuais. | 0 puntos. |

| <i>Para 3 ou máis persoas en unidade de convivencia. Nivel de Renda Média-Renda Pércapita:</i> | Puntuación |
|---|------------|
| Ate o 50 % do IPREM: Ate 266,25 euros mensuais Ate 3.727,50 euros anuais | 30 puntos |
| Superior ao 50 e ate o 60 % do IPREM: Superior a 266,25 e ate 319,50 euros mensuais Superior a 3.727,50 e ate 4.473 euros anuais. | 25 puntos |
| Superior ao 60 e ate o 75 % do IPREM Superior a 319,50 e ate 399,38 euros mensuais Maior de 4.473 e ate 5.591,32 euros anuais | 20 puntos |
| Superior ao 75 % e ate o 100 % do IPREM Superior a 399,38 e ate 532,51 euros mensuais Superior a 5.591,32 e ate 7.455,14 euros anuais | 10 puntos |

| | |
|--|-----------|
| Superior ao 100 % e ate o 125 % do IPREM Superior a 532,51 e ate 665,63 euros mensuais Superior a 7.455,14 e ate 9.318,82 euros anuais. | 8 puntos |
| Superior ao 125 % e ate o 150 % do IPREM Superior a 665,63 e ate 798,76 euros mensuais Superior a 9.318,82 e ate 11.182,64 euros anuais. | 5 puntos. |
| Superior ao 150 e ate o 175 % IPREM Superior a 798,76 e ate 931,89 euros mensuais Maior de 11.182,64 e ate 13.046,46 euros anuais | 2 puntos |
| Superior ao 175 % IPREM, máis de 931,89 euros mensuais e 13.046,46 euros anuais | 0 puntos |
| TOTAL PUNTUACIÓN ECONÓMICA | |
| | |
| PUNTUACIÓN FINAL DO BAREMO: | |

ANEXO II: SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL (S.A.F.)

| | |
|------------------------------|--|
| Nome e apelidos: | |
| DNI: | |
| Data de nacemento: | |
| Enderezo: | |
| Teléfono de contacto: | |
| Representante Legal: | |

EXPÓN:

1. Que cumpre cos requisitos de acceso establecidos no Regulamento Municipal para o Servizo de Axuda no Fogar.
2. Que lle gustaría acollerse ao Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Fene.

Por todo isto e en aplicación ao Regulamento Municipal do SAF e Ordenanza Reguladora do Servizo,

SOLICITA:

↑ **Que lle sexa concedido o Servizo de Axuda no Fogar a través do Sistema Básico, de libre concorrencia.**

Asemade presenta a documentación solicitada e referida ao dorso.

Fene, _____ de _____ de 20__
Sinatura do/a solicitante:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE (A CORUÑA)



ANEXO III: MODELO DE INFORME MÉDICO

D./na: _____, colexiado/a
nº: _____ Centro de Saúde: _____

I N F O R M A

Que o/a paciente D./na: _____,

Presenta as seguintes patoloxías diagnosticadas:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Polo que precisaría **axuda externa** para as seguintes actividades:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

En Fene, a _____ de _____ de 20____.

Sinatura do/a colexiado/a

C.I.F.: P-1503600-G

ANEXO IV: PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. Datos de identificación do Expediente

| Expediente | Intervención | | Data solicitude | Data inicio |
|----------------------|--------------------|-----|-----------------------------|-------------|
| | | | | |
| Sector de referencia | Ámbito de atención | | Núm. total persoas usuarias | |
| | | | | |
| Nome e apelidos | Data nacem. | DNI | Sexo | E. C. |
| | | | | |
| Proxecto | Data proxecto | | Data fin de proxecto | |
| | | | | |

Antecedentes:

2. Atención a prestar: días da semana e horario:

| L | M | M | X | V | S | D | Total horas/semana | Horario |
|---------------------|---|---|---|---|---|---|--------------------|---------|
| | | | | | | | | |
| Total horas/ semana | | | | | | | | |
| Total horas/ mes | | | | | | | | |

Tipo de servizo a prestar:

Perfil [d@s](#) profesionais:

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen:

Obxectivos do servizo proposto:

1.

Tarefas a realizar:

5. Periodicidade do seguimento:

Fene, -- de-- de 20--

A Traballadora social:

ANEXO V: ACORDO DO SERVIZO

Reunidos en Fene o día _____, dunha parte don/dona _____, con domicilio en FENE (A Coruña)
Doutra _____, como Traballadora Social encargada da xestión do Servizo de Axuda no Fogar de FENE

ACORDAN:

1. Que o Concello de FENE, prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día _____ nas condicións detalladas a continuación.
2. Que o SAF se prestará por un total de _____ horas mensuais. A programación horaria determinarase no Proxecto de Intervención correspondente.
3. Que a traballadora familiar será a designada no Proxecto de Intervención.
4. Que atendendo á Orde do 22 de Xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal Municipal, que regula o prezo público de participación no SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a aportar _____ euros por hora de servizo prestado (% do coste total) como contribución ao custe do servizo.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido no punto anterior, na entidade bancaria da súa selección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que as tarefas e obxectivos do servizo determinarase no Proxecto de Intervención.
7. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste Acordo, deberán ser recollidas nun documento novo sendo anexado ao acordo orixinal.
8. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de Xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e Regulamento e Ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción; así como as normas xerais de servizo do que se achega copia.

Ambas partes dan a súa conformidade ao presente Acordo de prestación do SAF e asínano en Fene o día _____

A persoa usuaria ou familiar:

A Traballadora Social Concello

Asdo:

Asdo:

SEGUNDO. Abrir un período de información pública mediante anuncio no BOP e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor a modificación o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da LBRL, momento no que quedarán derogados o regulamento do servizo de axuda a

domicilio para persoas en situación de dependencia valorada publicado no BOP o 11 de decembro de 2008 e o regulamento do servizo de axuda no fogar (SAF) publicado no BOP o 27.1.1999.

Fene, 21 de xuño de 2013
O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o regulamento municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Fene que se transcribe de seguido:

REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FENE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

O Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos sociais, que regula o dereito de todas as persoas aos Servizos Sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir ese dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española de 1978 no seu artigo 9.3.

Aprobada a Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, recoñécelles o dereito ao servizo público de axuda no fogar ás persoas valoradas ao abeiro desta lei que teñan solicitado e concedido o Plan Individual de Atención para aplicación deste servizo.

O artigo 6.2 do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, establece que as entidades locais de Galicia participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia nos termos previstos na Lei 39/2006, de 14 de decembro, e na [Lei 13/2008, de 3 de decembro](#), de servizos sociais de Galicia, no marco das competencias que a lexislación vixente lles atribúan.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 11, como funcións dos servizos sociais comunitarios básico, recolle no apartado f) a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, polo que de

conformidade co marco normativo referenciado, o Concello de Fene, dentro das competencias que lle atribúe a normativa vixente, presenta este Regulamento, para aplicación no seu ámbito territorial, do Servizo Público de Axuda no Fogar.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto e definición

1.-É obxecto do presente regulamento establecer o funcionamento e a xestión do servizo de axuda no fogar municipal ao abeiro da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar e do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Este regulamento abranguerá os dous sistemas: o básico, de libre concorrència e o de dependencia, este último ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e demais normativa que o regula.

2.-Segundo o indicado na Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, no seu artigo 23 o servizo de axuda no fogar está constituído polo conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender as súas necesidades da vida diaria, prestadas por entidades ou empresas, acreditadas para esta función, e que poderán ser os seguintes:

a) Servizos relacionados coa atención persoal na realización das actividades da vida diaria.

b) Servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas ou do fogar: limpeza, lavado, cociña ou outros. Estes servizos só poderán prestarse conxuntamente cos sinalados no apartado anterior.

Excepcionalmente e de forma xustificada, os servizos sinalados nos apartados anteriores, poderán prestarse separadamente, cando así se dispoña no Programa Individual de Atención, previa motivación pola administración competente na resolución de concesión da prestación.

Segundo o art. 3º da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, "o servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar"

Segundo o artigo 9 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento "Servizo de axuda no fogar (SAF), que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo".

Artigo 2.- Obxectivos

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.**
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.**
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.**
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.**

- e) Previr situacións de risco persoal e/ou conflitos familiares, así como situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 3.- Tipoloxía

1.-De conformidade coa valoración técnica que en cada caso se realice polos servizos sociais do concello, no marco do servizo de axuda no fogar, poderán prestarse os seguintes tipos de atencións de carácter básico:

a) Atención de carácter persoal na realización das actividades da vida diaria tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio nos cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas e tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación de alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por servizos complementarios como lavandería ou xantar a domicilio.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.-Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares
- Adaptacións funcionais do fogar.
- Servizo de podoloxía a domicilio.
- Servizo de fisioterapia a domicilio.

3.-Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4.-En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5.-En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

-A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no Acordo de Servizo que se formaliza coa persoa usuaria e o concello.

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo

Artigo 4.- Persoas beneficiarias:

O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidades, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 5 - Dereitos das persoas usuarias:

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 6 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, terán dereito:

- 1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.**
- 2. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.**
- 3. A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.**
- 4. A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.**
- 5. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.**
- 6. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.**
- 7. Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.**
- 8. A coñeceren a situación do seu expediente.**
- 9. A seren informadas, de xeito craro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.**
- 10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.**
- 11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.**
- 12. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.**

Artigo 6.- Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 7 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e, se é o caso, na normativa sectorial vixente, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
9. Participar no pagamento do servizo nos termos que se establezan na ordenanza municipal.
10. Comunicar enfermidades infectocontaxiosas para tomar medidas de protección necesarias para os profesionais e facilitar datos médicos co obxecto de cumprir a normativa de prevención de riscos laborais.
11. Non realizar cambios de horarios, tarefas, etcétera, sen autorización do técnico responsable do servizo
12. Permanecer no domicilio mentres se preste o servizo.
13. Cumprir estritamente as normas de funcionamento do servizo recollidas no artigo 11 deste regulamento.

CAPÍTULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Sección 1ª: Disposicións comúns

Artigo 7.- Formas de prestación do servizo.

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Fene ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 8.- Requisitos específicos da prestación do servizo.

1.-Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

| Número de persoas usuarias | Persoal técnico mínimo |
|-----------------------------------|--|
| 50 a 99 | 1 técnico/a titulado/a xornada completa |
| 100 a 199 | 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| 200 a 399 | 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa |
| Incrementos sucesivos | Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a |

| |
|-------------------------------|
| titulado/a a xornada completa |
|-------------------------------|

2.-O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3.-O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4.-O Concello de Fene, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- **Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade.**
- **Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo IV desta ordenanza.**
- **Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Fene e a persoa usuaria, segundo o Anexo V desta ordenanza.**
- **Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.**

5.-En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Sección 2ª: Da prestación do servizo

Artigo 9.- Modalidades e requisitos de acceso ao servizo:

9.1.-O acceso ao servizo de axuda no fogar producirase de acordo coas seguintes modalidades:

1. Acceso directo: O acceso será prioritario e directo para aquelas persoas empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Fene ás cales, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos establecido no título II do Decreto 15/2010.

Para estes efectos, o Concello de Fene procederá a dar de alta ás persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos.

Para proceder ás altas no servizo de axuda no fogar, o persoal técnico poderá solicitar ás persoas interesadas que acheguen orixinal ou copia compulsada da resolución de concesión do PIA no que se lle recoñeza o citado servizo, con indicación da intensidade recoñecida, así como outra documentación necesaria para a formalización da documentación de alta.

As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2. Acceso de libre concorrencia: Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional

de referencia resolverase en réxime de libre concorrancia, segundo o seguinte procedemento:

A) presentación da solicitude no Rexistro Xeral de entrada do Concello de Fene, segundo anexo 1, acompañada da seguinte documentación:

- **Fotocopia compulsada do DNI de todas as persoas convivintes.**
- **No caso de existencia de menores, fotocopia compulsada do Libro de Familia ou Certificación Literal de Nacemento.**
- **Copia da sentenza de separación, e/ou Acordo Regulador, no seu caso.**
- **Informe médico en impreso cuxo modelo se facilitará e que consta como *anexo III* neste documento.**
- **Fotocopia compulsada do certificado oficial de minusvalía vixente, e/ou notificación da valoración de dependencia positiva ou negativa, no seu caso.**
- **Xustificantes económicos da persoa solicitante e de todos os membros da unidade de convivencia, a saber: fotocopia da/s última/s declaración/s da renda das persoas físicas, nóminas e/ou contratos de traballo, recibo/s actualizado/s de pensión/s, vidas laborais, certificados do Inem e todos aqueles documentos que sexan solicitados polo persoal técnico co fin de aclarar a situación económica persoal e/ou familiar.**
- **Certificación bancaria de intereses e retencións de todas as persoas que forman parte da unidade de convivencia correspondente ao ano inmediatamente anterior ao que se cursa a solicitude.**
- **Certificación negativa ou positiva da Declaración de Patrimonio de todos os compoñentes da unidade de convivencia.**
- **Contrato de alugueiro, no seu caso, e recibos pagados dos derradeiros 3 meses, ou recibos de amortización da vivenda, no seu caso, así como copia compulsada do recibo de contribución da vivenda.**
- **Volante de empadramento colectivo**
- **Certificados municipais de Rústica, Urbana e IAE, así como certificado de IVTM de tódalas persoas que integran a unidade de convivencia.**
- **Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.**

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo. O prazo para presentar as solicitudes está aberto todo o ano.

B) Valoración das solicitudes presentadas por parte do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I.

Transcorrido un prazo máximo de 3 meses, a contar dende o día seguinte ó que fora completada a documentación preceptiva, sen formalizarse a resolución, a persoa interesada deberá entender denegada a súa solicitude.

C) Resolución das solicitudes por Decreto de Alcaldía, podendo esta competencia ser delegada de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei de Bases de Réxime Local, en función da orde de puntuación do Baremos Aplicable. En caso de empate de dúas ou máis solicitudes estas resolveranse priorizando a maior puntuación no apartado 1 a) e o menor nivel de recursos económicos do apartado 5). De persistir o empate se terá en conta a maior puntuación nos apartados 2 e 3 respectivamente.

A resolución fará indicación expresa do número de horas que se prestarán e a porcentaxe de financiamento da persoa usuaria sobre o custo total do servizo. No caso de ser desfavorable, o acordo deberá de motivar as razóns de denegación.

3. Acceso por urxencia sobrevida: Nos casos de urxencia sobrevida, entendendo por tal os de aquelas persoas que se atopan nunha situación de extrema e urxente necesidade, previamente valorada polo persoal técnico de Servizos Sociais, mediante resolución motivada de Alcaldía ou órgano no que delegara procederá a iniciar de oficio a prestación do servizo de xeito inmediato, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

A estes efectos, no prazo máximo dun mes dende o inicio da prestación, deberá cursarse a oportuna solicitude e aportar a documentación necesaria para a oportuna tramitación do expediente de libre concorrencia.

9.2.-As persoas que opten polo sistema de libre concorrencia deberán ademais cumprir os seguintes requisitos:

a) Xerais:

-Empadramento e residencia efectiva no Concello de Fene, cunha antigüidade mínima de 3 meses.

-Que se trate de persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo.

-Ter limitada en certa medida a autonomía persoal para a realización das Actividades Básicas da Vida Diaria (A.B.V.D.) e acadar un mínimo de 5 puntos no apartado 1-A) Autonomía Persoal no Baremo de Acceso.

-Carecer de familia en convivencia que se poida facer cargo da atención da persoa solicitante ou sufrir desatención familiar e acadar un mínimo de 3 puntos no apartado 2.) Apoio familiar e social, do Baremo de Acceso.

-Precisar o servizo de axuda no fogar por algunha das outras causas recollidas no Baremo de Acceso ao Servizo.

b) Económicos:

-Que a unidade de convivencia non supere o nivel de recursos económicos que se establecen en función do número de membros convivintes, que é o seguinte, a saber:

- Para as persoas que viven soas, o límite de ingresos regulares se establecerá no 225% do IPREM vixente para cada ano.
- Para dúas persoas en unidade de convivencia o límite se establecerá no 200 % do IPREM per capita vixente para cada ano.
- Para tres e catro persoas en unidade de convivencia o límite se establecerá no 175 % do IPREM per capita vixente para cada ano.

-Que a persoa solicitante e o resto dos membros da unidade de convivencia cumpran, ademais, os seguintes requisitos económicos, a saber:

b.1.) No referente á existencia de capital mobiliario:

Establecerase como límite dos recursos procedentes do capital mobiliario, a saber, contas de aforros, fondos de inversión, etc. o de 18.000 euros no conxunto das contas bancarias que posúa a unidade familiar e terase en conta o saldo medio e o saldo a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao que se curse a solicitude; o que deberá acreditarse mediante presentación das certificacións bancarias de todas as persoas convivintes. Aqueles solicitantes que superen este saldo bancario, aínda que reúnan o resto dos requisitos, non poderán beneficiarse deste programa.

b.2) No referente ao capital inmobiliario:

Que a persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar, non sexa propietaria e/ou usufrutuaria de bens inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indiquen de xeito notorio a

existencia de medios materiais suficientes para atender ao gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade referente á vivenda habitual destinada ao uso propio.

Artigo 10 .-Desenvolvemento da prestación do servizo

1.-O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende a aplicación informática do Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia.

2.-Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio.

3.-A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4.-Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo V desta ordenanza.

5.-O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo IV desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

6.-Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia dos dereitos e deberes recollidos na ordenanza municipal de axuda no fogar.

7.-Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

8.-Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirse o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

9.-O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos, a documentación prevista no artigo 8.4 deste regulamento.

10.-Para o seguimento do servizo poderanse realizar as seguintes actividades:

a)Supervisións individuais do/a traballador/a social responsable con cada un/unha dos/as auxiliares de axuda no fogar, cunha periodicidade quincenal ou a que se determine, que informarán verbalmente sobre a marcha do servizo, realización de actividades, cumprimento de obxectivos, problemáticas ou dificultades que se lles presentan no desenvolvemento do mesmo, etc. O/A auxiliar presentará por escrito os informes de incidencias do traballo realizado se fose necesario.

b)Reunións grupais do conxunto das traballadoras donde se realizarán seguimentos e avaliación, información sobre programas, axudas e prestacións, coordinación en actuacións,

directrices a seguir, recepción de demandas e suxestións do/as usuario/as e/ou dos/as profesionais implicados., etc. previa convocatoria do/a coordinador/a do programa.

c) Entrevistas individuais de seguimento cos/as usuarios/as e realización de visitas domiciliarias, coa finalidade de coñecer o grao de satisfacción co desenvolvemento do servizo, recoller suxestións, demandas, ou para a solución de calquera necesidade ou problemática presentada pola persoa usuaria ou familia.

Artigo 11.- Sobre as normas xerais de funcionamento do servizo:

A sinatura do Acordo entre a persoa usuaria e o Concello supón a aceptación do servizo nas condicións establecidas no mesmo no tocante á asignación de horarios, así como a aceptación das normas que rexen o funcionamento do mesmo e que son as seguintes:

1. En relación ao persoal de axuda no fogar:

- a) A súa actuación no domicilio das persoas usuarias debe axustarse ao proxecto de intervención establecido polo persoal técnico responsable do Servizo de Axuda no Fogar, que será de obrigado cumprimento.
- b) En ningún caso poderán levar a cabo:
 - A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención
 - Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.
- c) A súa actuación deberá dar preferencia sempre á atención e cuidados persoais fronte á limpeza da vivenda.
- d) Non traballarán no domicilio das persoas usuarias en ausencia destas.
- e) Non deberán facilitar o teléfono persoal nin o seu enderezo ás persoas que atenden, sendo as relacións entre ambos/as estritamente profesionais.
- f) Non poderán utilizar o seu vehículo propio para os desprazamentos das persoas usuarias e/ou familia.
- g) Non disporán de chaves dos domicilios nos que traballen, agás casos especiais nos que, previa solicitude escrita da persoa usuaria e/ou familia, conte coa autorización expresa dos Servizos Sociais do Concello.
- h) En caso de baixa laboral por enfermidade, maternidade, vacacións do/a traballador/a ou outras causas, a persoa usuaria será atendida por outro/a profesional que se designe, debendo serlle restablecido o servizo o máis rápido que sexa posible e en ningún caso deberá exceder dunha semana.

2. En relación ás persoas usuarias e ás súas familias:

- a) As persoas usuarias non poderán facilitar o seu teléfono ao persoal auxiliar de axuda no fogar, para garantir o carácter profesional da relación establecidas
- b) Non poderán solicitar ao persoal auxiliar a realización de tarefas que non estén recollidas no correspondente proxecto de intervención
- c) Non poderán realizar modificacións nos distintos aspectos do servizo: horarios, días de atención, etc... En caso de precisar algunha modificación as persoas usuarias deberán acudir aos Servizos Sociais, onde a persoa técnica responsable estudiará a demanda e, se fose oportuno, procederá a realizar os cambios solicitados.
- d) Calquera queixa ou suxestión en relación ao servizo deberá poñerse en coñecemento do persoal técnico responsable e nunca será dirimida ou resolta directamente co persoal auxiliar de axuda no fogar.

- e) As persoas usuarias terán dereito á suspensión temporal do servizo segundo as directrices establecidas no artigo 15
- f) Deberán colaborar e facilitar o traballo do persoal auxiliar de axuda no fogar en todo momento, proporcionándolles aqueles útiles precisos para levalo a cabo.
- g) Colaborar no desenvolvemento axeitado das funcións de coordinación e seguimento encomendadas ao persoal técnico responsable do servizo.

3. En relación ao persoal técnico responsable do servizo:

- a) Realizará supervisións individuais e reunións periódicas con todas as persoas auxiliares de axuda no fogar.
- b) Corresponderalle a coordinación e seguimento do servizo, polo que as persoas usuarias do mesmo, deberán colaborar no desenvolvemento axeitado destas funcións
- c) Deberá informar ás persoas usuarias de calquera variación nos horarios, días de atención, auxiliares designadas, etc... que fose preciso realizar por causas xustificadas e obxectivas. Estas variacións deberán ser recollidas nun novo Proxecto de Intervención e, se fose necesario, nun novo Acordo do Servizo.
- d) Deberá elaborar mensualmente un cadrante do servizo especificando horas prestadas e usuarios, especificando claramente as suspensións do servizo por períodos inferiores a 6 días naturais consecutivos.

Artigo 12 .- Intensidade na prestación do servizo e horarios de atención:

1.-A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe social do departamento de servizos sociais.

2.-A intensidade da atención de cada persoa beneficiaria no sistema básico ou de libre concorrencia será determinada en función da valoración de cada caso e do Proxecto de Intervención que se determine por parte da traballadora social de referencia, sen que poida exceder, con carácter xeral, de 2 horas ao día ou 12 horas á semana. Os horarios de atención poderán abranguer de luns a sábado, ambos inclusive, en horario comprendido entre as 8,00 h. da mañá e as 15 h. do serán.

Nembargantes tanto os horarios como a intensidade serán determinados por parte da traballadora social e/ou equipo técnico do departamento, en función das necesidades reais de cada caso, tendo en conta as preferencias da persoa usuaria e/ou familia.

3.-A intensidade na prestación do servizo de axuda no fogar no sistema de dependencia determinarase en función do número de horas asignadas á persoa beneficiaria a través do seu Programa Individual de Atención (PIA) aprobado e notificado por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e do Programa de Asignación de Recursos (PAR).

O Concello de Fene respectará a orde de prelación do PAR e prestará as horas asignadas pola Xunta, agás renuncia por escrito por parte da persoa usuaria e/ou familia ou agás que o Concello non dispoña do total de horas mensuais asignadas libres. Neste último caso o Concello ofertará á persoa usuaria o máximo de horas que poida prestarlle.

A aplicación horaria será flexible e conforme co Proxecto de Intervención, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais, as fins de semana e festivos.

O horario abranguerá entre as 7,00 da mañá e as 22 horas do serán; en todo caso, se establecerá o horario máis axeitado tendo en conta as preferencias da persoa usuaria e/ou familia.

Os servizos prestados nas fins de semana (sábados pola tarde e domingos) serán os mínimos e imprescindibles para as persoas usuarias, garantindo a súa atención persoal máis básica (aseos, cambios posturais, alimentación), relegando outras tarefas complementarias e non imprescindibles (tarefas domésticas, acompañamentos) aos días laborables. En todo caso, teranse en conta as circunstancias persoais de cada persoa usuaria.

Artigo 13.-Da participación das persoas beneficiarias na financiación do servizo:

De acordo co establecido na Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 56.1. "Acordarase, de ser o caso, a achega das persoas usuarias ao financiamento dos servizos sociais mediante o establecemento dun sistema de prezos públicos..." e no artigo 56.2.- "A Administración, para determinar a participación das persoas usuarias no financiamento do sistema, terá en conta, nos baremos que regulamentariamente se establezan, a natureza do servizo, o custo de referencia e a capacidade económica da persoa usuaria, especialmente, o seu nivel de renda e o sector de poboación a quen se dirixa a prestación do servizo"

Consonte ao establecido pola Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e resto de normativa que a desenvolve, os/as beneficiarios/as deste servizo participarán na financiación do mesmo en función da súa capacidade económica persoal, pagando as cotas que se establezan a través da aplicación da correspondente ordenanza fiscal.

Seguindo as directrices do artigo 58.1.c) do Decreto 99/2012 do 16 de marzo polos que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: "As corporacións locais aprobarán e xestionarán o sistema de contribución ao financiamento do servizo por parte das persoas usuarias, en función da capacidade económica destas, de acordo co establecido nos artigos seguintes e na normativa específica de aplicación"

Artigo 14.-De como se establecerán as cotas de participación:

Para establecer as cotas de participación das persoas usuarias do servizo, utilizaranse 2 criterios diferentes, que se recollerán na correspondente Ordenanza Fiscal.

1.- No que respecta ao sistema básico, o departamento de servizos sociais, a través da traballadora social que corresponda, fará a valoración das circunstancias económicas e o establecemento da cota que lle corresponda aboar en función do baremo que para tal fin se aprobe na Ordenanza Fiscal correspondente

2.-No que respecta ao sistema de dependencia, aplicarase a capacidade económica que determine a Xunta de Galicia e comunique ao concello explicitamente a través do Servizo de Atención á Dependencia, polas vías establecidas.

3.- En ambos casos, a persoa usuaria e/ou familia, deberá aceptar previamente o pago da cota como condición básica para que se lle poda prestar o servizo de axuda no fogar.

Artigo 15.- Da suspensión do servizo.

As persoas beneficiarias terán dereito á suspensión temporal do servizo nos supostos e termos establecidos neste artigo, previa solicitude por escrito ante o Rexistro Xeral de Entrada.

Na solicitude terase que especificar as causas que motivan a ausencia e deberá estar cursada con 10 días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles.

a) Son causas de suspensión temporal do servizo por libre concorrencia as que seguen:

- 1. Ausencia temporal do domicilio:** neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses,debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a ausencia.
- 2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo:** poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión.

b) Son causas de suspensión temporal do SAF-dependencia:

- 1. O internamento da persoa beneficiaria nunha institución sanitaria,**
- 2. Estadía temporal nun centro de atención residencial**

- 3. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá ser suspendido por un período máximo de dous meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a ausencia.**

As suspensións do servizo debidamente xustificadas por períodos inferiores a 6 días naturais consecutivos non precisarán resolución do órgano competente, pero deberán ser xustificadas no cadrante mensual a elaborar polo persoal técnico responsable do servizo conforme ao establecido no artigo 11 deste regulamento.

Artigo 16.- Da modificación e extinción do servizo:

a) As persoas usuarias do servizo poderán, por causas xustificadas, solicitar modificacións na prestación do seu servizo, como é o aumento de horas en caso de non disfrutar das horas máximas, cambios de horario ou de programación, modificación de aspectos do Proxecto de Intervención ou similares. Estas solicitudes deberanse cursar por escrito, presentándose no rexistro xeral de entrada do concello.

Unha vez estudada a petición, e de ser posible, procederase á concesión do servizo coas modificacións solicitadas, extremo que se comunicará por escrito e que se reflectirá no correspondente Proxecto de Intervención. En caso contrario, notificarase a denegación ou ben quedará á agarda de poder facerse efectivo o cambio.

b) Son causas de extinción do servizo as seguintes:

-SAF básico:

- 1. A renuncia da persoa usuaria.**
- 2. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.**
- 3. Falecemento da persoa usuaria.**
- 4. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.**
- 5. A falta reiterada de pagamento das cotas do servizo.**
- 6. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.**

-SAF-Dependencia:

- 1. O falecemento, ou declaración de falecemento, da persoa en situación de dependencia.**
- 2. A renuncia expresa da persoa en situación de dependencia ou do seu representante. Entenderase igualmente por renuncia non proceder á alta no servizo no prazo fixado por causa imputable á persoa usuaria.**
- 3. A perda dalgún dos requisitos esixidos na normativa vixente para a súa percepción.**
- 4. A ocultación ou falsidade nos datos e/ou documentos que deben ser tidos en conta para a concesión do servizo que determinase a imposibilidade do seu disfrute ou a variación nas condicións deste.**
- 5. A percepción doutra prestación incompatible.**
- 6. A revisión do programa individual de atención no cal se determine outra modalidade de intervención**
- 7. O traslado definitivo da súa residencia a outro municipio ou provincia, cando este**

traslado signifique a imposibilidade de prestar o servizo, así como nos supostos de traslado definitivo da súa residencia a outra Comunidade Autónoma.

8. O incumprimento dos deberes e obrigas establecidos para as persoas usuarias dos servizos que signifique a imposición dunha sanción que implique a extinción da prestación do servizo, conforme a normativa vixente.

9 .O transcurso do prazo máximo establecido para a suspensión do servizo sen que a persoa beneficiaria se incorpore ao seu disfrute do mesmo

10. Por calquera outra causa establecida para o efecto na normativa vixente.

c) Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

d) Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, a incoación, por parte do Concello de Fene, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para dictar resolución de Programa Individual de Atención.

e) A extinción das condicións de prestación do servizo requirirá resolución do órgano competente, previa tramitación do correspondente expediente, no que se dará audiencia, nos termos procedentes, á persoa interesada.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto no presente regulamento, será de aplicación o disposto na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e a normativa estatal e autonómica que a desenvolve.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor do presente regulamento quedará derrogado o regulamento do servizo de axuda a domicilio para persoas en situación de dependencia valorada publicado no BOP o 11 de decembro de 2008 e o regulamento do servizo de axuda no fogar (SAF) publicado no BOP o 27.1.1999.

ANEXO I: BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

Apartado 1) Autonomía persoal:

| A) Valoración por autonomía persoal (puntuaranse un máximo de 3 factores, máximo de 15 puntos) | Puntuación |
|---|-------------------|
| Presenta dificultades para o aseo persoal | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para vestirse/desvestirse | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para levantarse e deitarse | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para comer pola súa man | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para o control de esfínteres e o uso do WC | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para o desprazamento pola vivenda | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a realización das tarefas domésticas | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a preparación de comidas | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a atención da roupa: lavar, poñer lavadora, tender e/ou recoller, pasar o ferro e outras. | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a súa autoprotección | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para a organización da casa, xestión do orzamento familiar, normas, cumprimento de horarios e rutinas básicas, toma de medicación, etc. | De 0 a 5 |
| Presenta dificultades para saír do domicilio | De 0 a 5 |

B) Táboa equivalencias para a valoración do nivel de autonomía persoal

| De 33% a 64 % de discapacidade | De 65% a 74% de discapacidade | | | | | | | | Grado de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP o BVD |
|--------------------------------|-------------------------------|--|----------------|---|-----------------|---|-----------------|---|--|
| | | 75%-100% | | 81%-87% | | 88%-93% | | 94%-100% | |
| | | 75%-100% discapacidade e ata 14 ptos ATP | | 75%-100% discapacidade e 15-29 ptos ATP | | 75%-100% discapacidade e 30-44 ptos ATP | | 75%-100% discapacidade e 45-72 ptos ATP | |
| | | 75% discapacidade e 24 ptos BVD | 25-39 ptos BVD | 40- 49 ptos BVD | 50- 64 ptos BVD | 65- 74 ptos BVD | 75- 89 ptos BVD | 90- 100 ptos BVD | Grado de Discapacidade + Axuda Terceira persoa. Puntuación BVD (RD 504/2007) |

| | | | | | | | | | |
|--------------|---------------|---------------|------------------------|-----------------------|------------------------|------------------------|-------------------------|-------------------------|--|
| | | | Grao I, Nivel 1 | Grao I Nivel 2 | Grao II Nivel I | Grao II Nivel 2 | Grao III Nivel 1 | Grao III Nivel 2 | Situación da dependencia a Decreto 176/2007 |
| 5 pts | 10 pts | 14 pts | 20 pts | 24 pts | 30 pts | 32 pts | 38 pts | 40 pts | PUNTUACION AUTONOMIA PERSONAL |

| | |
|--|--|
| TOTAL PUNTOS DE AUTONOMIA PERSOAL | |
|--|--|

Apartado 2) Apoio familiar e social:

| Valoración por apoio familiar e social (máximo de 20 puntos) | Puntuación |
|---|----------------------|
| A persoa vive soa, carece de familiares e /ou redes distintas de apoio | 20 puntos |
| A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes | 18 puntos |
| A persoa convive con persoas sen capacidade para atendelo <ul style="list-style-type: none"> • Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) • Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) • Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) • Con incapacidade para organizarse (3 puntos) | Ata 12 puntos |
| Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades, conviventes ou non coa persoa solicitante. | 8 puntos |
| Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelo/a no mesmo concello ou a menos de 20 km. | 5 puntos |
| Persoa que está ben atendida// Ou en convivencia con persoas válidas con capacidade de axuda. | 0 puntos |
| TOTAL PUNTOS POR APOIO SOCIAL | |

Apartado 3) Situación familiar/socialización menores

| Valoración situación familiar/socialización menores (máximo 20 puntos) | Puntuación |
|--|--|
| 3.1.- CONFLICTO | Máximo 4 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Con membro xerador de conflito de nivel moderado • Con membro xerador de conflito de nivel grave • Con máis de 1 membro xerador de conflito de nivel moderado. • Con máis de 1 membro xerador de conflito de nivel grave. | 1 puntos 2 puntos 3 puntos 4 puntos |
| 3.2.-LIMITACIÓN DE ROL | Máximo 2 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Familias en que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores. | 2 puntos. |
| 3.3.-MONOPARENTALIDADE | Máximo 2 |

| | |
|--|--------------------------|
| | puntos. |
| <ul style="list-style-type: none"> Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...), non poidan atender aos menores. | 2 puntos. |
| 3.4.-HABILIDADES PARENTAIS | Máximo 2 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administración dos orzamentos, ausencia de roles, organización...) | 2 puntos. |
| 3.5.-NÚMERO DE MENORES | Máximo 10 puntos. |
| <ul style="list-style-type: none"> Un menor | 3 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> Dous menores | 5 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> Tres menores | 7 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> Catro ou máis menores | 10 puntos. |
| TOTAL PUNTOS POR SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES | |

Apartado 4) Outros Aspectos Sociais

| <i>Valoración por outros aspectos sociais (máximo total 20 puntos)</i> | Puntuación |
|--|-------------------------|
| 4.1.-VIVENDA | Total 10 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> Non hai luz eléctrica | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Non hai auga corrente | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Non posúe WC | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Non posúe cuarto de baño completo | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Non ten neveira | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Non ten quentador | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Non ten lavadora | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda | 1 punto |
| <ul style="list-style-type: none"> Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda | 1 punto |
| 4.2.-INTEGRACIÓN NO CONTORNO | Total 10 puntos. |
| <ul style="list-style-type: none"> Situación de illamento ou de rexeitamento | 10 puntos. |
| <ul style="list-style-type: none"> Ausencia de relacións sociais | 6 puntos. |
| <ul style="list-style-type: none"> Existen escasas relacións coas persoas do contorno | 4 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> Integración axeitada no contorno | 0 puntos |
| TOTAL PUNTOS POR OUTROS ASPECTOS SOCIAIS | |

Apartado 5) Condicións económicas da unidade de convivencia: Valoración doutros aspectos económicos (máximo de 30 puntos)

| <i>Para persoas que vivan soas. Nivel de Renda Média-Renda Pércapita:</i> | Puntuación |
|---|-------------------|
| Ate o 75 % so IPREM Ate 399,38 euros mensuais e ate 5.591,32 euros anuais. | 30 puntos |

| | |
|--|------------------|
| Superior ao 75 e ate o 100 % do IPREM Superior a 399,38 e ate 532, 51 euros mensuais. Superior a 5.591,32 e ate 7.455,14 euros anuais. | 25 puntos |
| Superior ao 100 % e ate o 125 % do IPREM Superior a 532,51 e ate 665,63 euros mensuais Superior a 7.455,14 e ate 9.318,82 euros anuais | 20 puntos |
| Superior ao 125 % e ate o 150 % do IPREM Superior a 665,63 e ate 798,76 euros mensuais Superior a 9.318,82 e ate 11.182,64 euros anuais | 10 puntos |
| Superior ao 150 % e ate o 175 % do IPREM Superior a 798,76 e ate 931,89 euros mensuais Superior a 11.182,64 e ate 13.046,46 euros anuais | 8 puntos |
| Superior ao 175 e ate o 200 % do IPREM Superior a 931,89 e ate 1.065,02 euros mensuais Superior a 13.046,46 e ate 14.910,28 euros anuais | 5 puntos. |
| Superior ao 200 % e ate o 225 % do IPREM Maior de 1.065,02 e ate 1.198,14 euros mensuais Maior de 14.910,28 e ate 16.773,96 euros anuais. | 2 puntos. |
| Maior do 225 % do IPREM Maior de 1.198,14 euros mensuais e 16.773,96 euros anuais. | 0 puntos. |

| <i>Para 2 persoas en unidade de convivencia. Nivel de Renda Média-Renda Pércapita:</i> | Puntuación |
|---|-------------------|
| Ate o 60 % do IPREM Ate 319,50 euros mensuais Ate 4.473 euros anuais. | 30 puntos |
| Superior ao 60 e ate o 75 % do IPREM Superior a 319,50 e ate 399,38 euros mensuais Maior de 4.473 e ate 5.591,32 euros anuais | 25 puntos |
| Superior ao 75 % e ate o 100 % do IPREM Superior a 399,38 e ate 532, 51 euros mensuais Maior de 5.591,32 e ate 7.455,14 euros anuais | 20 puntos |
| Superior ao 100 % e ate o 125 % do IPREM. Superior a 532,51 e ate 665,63 euros mensuais Maior de 7.455,14 e ate 9.318,82 euros anuais | 10 puntos |
| Superior ao 125 e ate o 150 % do IPREM. Superior a 665,63 e ate 798,76 euros mensuais Maior de 9.318,82 e ate 11.182,64 euros anuais | 8 puntos |
| Superior ao 150 e ate o 175 % IPREM Superior a 798,76 e ate 931,89 euros mensuais Maior de 11.182,64 e ate 13.046,46 euros anuais | 5 puntos |
| Superior ao 175 e ate o 200 % do IPREM Superior a 931,89 e ate 1.065,02 euros mensuais Superior a 13.046,46 e ate 14.910,28 euros anuais | 2 puntos. |
| Superior ao 200 % IPREM, máis de 1.065,02 euros mensuais e 14.910,28 euros anuais. | 0 puntos. |

| <i>Para 3 ou máis persoas en unidade de convivencia. Nivel de Renda Média-Renda Pércapita:</i> | Puntuación |
|---|-------------------|
| Ate o 50 % do IPREM: Ate 266,25 euros mensuais Ate 3.727,50 euros anuais | 30 puntos |

| | |
|---|------------------|
| Superior ao 50 e ate o 60 % do IPREM: Superior a 266,25 e ate 319,50 euros mensuais Superior a 3,727,50 e ate 4.473 euros anuais. | 25 puntos |
| Superior ao 60 e ate o 75 % do IPREM Superior a 319,50 e ate 399,38 euros mensuais Maior de 4.473 e ate 5.591,32 euros anuais | 20 puntos |
| Superior ao 75 % e ate o 100 % do IPREM Superior a 399,38 e ate 532, 51 euros mensuais Superior a 5.591,32 e ate 7.455,14 euros anuais | 10 puntos |
| Superior ao 100 % e ate o 125 % do IPREM Superior a 532,51 e ate 665,63 euros mensuais Superior a 7.455,14 e ate 9.318,82 euros anuais. | 8 puntos |
| Superior ao 125 % e ate o 150 % do IPREM Superior a 665,63 e ate 798,76 euros mensuais Superior a 9.318,82 e ate 11.182,64 euros anuais. | 5 puntos. |
| Superior ao 150 e ate o 175 % IPREM Superior a 798,76 e ate 931,89 euros mensuais Maior de 11.182,64 e ate 13.046,46 euros anuais | 2 puntos |
| Superior ao 175 % IPREM, máis de 931,89 euros mensuais e 13.046,46 euros anuais | 0 puntos |
| TOTAL PUNTUACIÓN ECONÓMICA | |
| | |
| PUNTUACIÓN FINAL DO BAREMO: | |

ANEXO II: SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MUNICIPAL (S.A.F.)

| | |
|------------------------------|--|
| Nome e apelidos: | |
| DNI: | |
| Data de nacemento: | |
| Enderezo: | |
| Teléfono de contacto: | |
| Representante Legal: | |

EXPÓN:

3. Que cumpre cos requisitos de acceso establecidos no Regulamento Municipal para o Servizo de Axuda no Fogar.

4. Que lle gustaría acollerse ao Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Fene.

Por todo isto e en aplicación ao Regulamento Municipal do SAF e Ordenanza Reguladora do Servizo,

SOLICITA:

↑ Que lle sexa concedido o Servizo de Axuda no Fogar a través do Sistema Básico, de libre concorrencia.

Asemade presenta a documentación solicitada e referida ao dorso.

Fene, _____ de _____ de 20__
Sinatura do/a solicitante:

ANEXO III: MODELO DE INFORME MÉDICO

D./na: _____
colexiado/a nº: _____ Centro de Saúde: _____

I N F O R M A

Que o/a paciente D./na: _____

Presenta as seguintes patoloxías diagnosticadas:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Polo que precisaría axuda externa para as seguintes actividades:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

En Fene, a _____ de _____ de 20_____.

Sinatura do/a colexiado/a

C.I.F.: P-1503600-G

ANEXO IV: PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. Datos de identificación do Expediente

| | | | | |
|-----------------------------|---------------------------|------------|------------------------------------|--------------------|
| Expediente | Intervención | | Data solicitude | Data inicio |
| | | | | |
| Sector de referencia | Ámbito de atención | | Núm. total persoas usuarias | |
| | | | | |
| Nome e apelidos | Data nacem. | DNI | Sexo | E. C. |
| | | | | |
| Proxecto | Data proxecto | | Data fin de proxecto | |
| | | | | |

Antecedentes:

2. Atención a prestar: días da semana e horario:

| L | M | M | X | V | S | D | Total horas/semana | Horario |
|----------------------------|---|---|---|---|---|---|--------------------|---------|
| | | | | | | | | |
| Total horas/ semana | | | | | | | | |
| Total horas/ mes | | | | | | | | |

Tipo de servizo a prestar:

Perfil d@s profesionais:

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen:

Obxectivos do servizo proposto:

2.

Tarefas a realizar:

5. Periodicidade do seguimento:

Fene, -- de-- de 20--

A Traballadora social:

ANEXO V: ACORDO DO SERVIZO

Reunidos en Fene o día _____, dunha parte don/dona _____, con domicilio en FENE (A Coruña)

Doutra _____, como Traballadora Social encargada da xestión do Servizo de Axuda no Fogar de FENE

ACORDAN:

1. Que o Concello de FENE, prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, dende o día _____ nas condicións detalladas a continuación.
2. Que o SAF se prestará por un total de _____ horas mensuais. A programación horaria determinarase no Proxecto de Intervención correspondente.
3. Que a traballadora familiar será a designada no Proxecto de Intervención.
4. Que atendendo á Orde do 22 de Xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar, a Ordenanza Fiscal Municipal, que regula o prezo público de participación no SAF, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a aportar _____ euros por hora de servizo prestado (% do custe total) como contribución ao custe do servizo.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido no punto anterior, na entidade bancaria da súa selección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que as tarefas e obxectivos do servizo determinarase no Proxecto de Intervención.
7. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste Acordo, deberán ser recollidas nun documento novo sendo anexado ao acordo orixinal.
8. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de Xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e Regulamento e Ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción; así como as normas xerais de servizo do que se achega copia.

Ambas partes dan a súa conformidade ao presente Acordo de prestación do SAF e asínano en Fene o día _____

A persoa usuaria ou familiar:

A Traballadora Social Concello

Asdo:

Asdo:

SEGUNDO. Abrir un período de información pública mediante anuncio no BOP e audiencia aos interesados polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO. No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado precedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor a modificación o día da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da LBRL, momento no que quedarán derogados o regulamento do servizo de axuda a domicilio para persoas en situación de dependencia valorada publicado no BOP o 11 de decembro de 2008 e o regulamento do servizo de axuda no fogar (SAF) publicado no BOP o 27.1.1999.

10. Aprobación, se procede, da moción conxunta dos grupos municipais para o mantemento do colexio de avogados Ferrol

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto municipal) e 2 abstencións do grupo municipal do BNG:

“Os grupos políticos do PP, PSOE, BNG, MIXTO do Concello de Fene, presentan ó aveiro da lexislación vixente a seguinte

MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DO COLEXIO DE AVOGADOS FERROL

O Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol constituíuse no ano 1949, cando un grupo de Avogados ferroláns, tomaron a iniciativa, de facer realidade a lexana aspiración de reivindicar para a nosa cidade, o que xa era unha necesidade, contar cun Colexio de Avogados propio, ó demandalo así o número de profesionais que exercían na cidade e ámbito influencia do partido e a crecente importancia da cidade e comarca.

Dende entón e sen interrupción o Colexio de Avogados de Ferrol, que non parou de medrar e que conta na actualidade con 362 avogados exercentes e 260 avogados non exercentes, veu formando parte da vida e das institucións ferrolás, co prestixio e recoñecemento gañado pola súa labor institucional cumprindo a función social que á Avogacía lle corresponde, colaborando lealmente coa promoción e a Administración de Xustiza, garantindo o dereito de defensa a aqueles cidadáns que non contan con recursos suficientes, organizando, como todos os Colexios de España, a Asistencia Xurídica Gratuíta e a Quenda de Oficio dentro do partido xudicial e garantindo o correcto desenrolo da actividade profesional e deontoloxía dos Avogados.

Fináncianse cos seus propios recursos e na súa sede e oficinas deo S.O.X. Mantén catro postos de traballo fixo.

Como corporación de dereito público que é, veu colaborando non só coas Administracións municipais nos servizos relacionados co asesoramento xurídico á cidadanía, seno con outras institucións e entidades da cidade en actividades sociais, de formación e información a cidadanía.

O Colexio de Avogados foi e continúa sendo un activo promotor e colaborador na reivindicación de servizos para a comarca de Ferrol e o seu ámbito de influencia, en especial os que afectan á Administración de Xustiza. E, plenamente consciente das dificultades e gravísimas situacións persoais e familiares nas que por falta de recursos encóntranse moitos cidadáns, en coherencia coa súa función social veu e continúa ofrecendo e prestando colaboración e axuda as Administracións públicas e entidades sen ánimo de lucro, en defensa de dereitos e intereses colectivos en risco de exclusión social.

Por todo o anterior exposto, os grupos políticos do Concello de Fene, PROPOÑEN ó Pleno da Corporación a adopción dos seguinte ACORDO:

O Concello de Fene manifesta o seu expreso apoio o Colexio de Avogados de Ferrol rexeitando calquera supresión desta institución por ser necesaria pola súa función social en defensa do estado de dereito e dos dereitos da cidadanía, especialmente de aqueles colectivos mas desfavorecidos ou que sufriron violencia ou marxinação.

Instar ó Goberno Central para que calquera proposta normativa de modificación que se leve adiante na actual sistema xudicial, atendendo a profunda incidencia que vai ter tanto nos profesionais da avogacía como na cidadanía en xeral, fágase con necesario consenso institucional.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que é unha moción preventiva coma a outra.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa, que di que se trata dunha moción que lle achega a Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Ferrol a través da súa decana no mesmo sentido que fixeron o xuíz de paz e o persoal do xulgado con outra moción.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

O Concello de Fene manifesta o seu expreso apoio o Colexio de Avogados de Ferrol rexeitando calquera supresión desta institución por ser necesaria pola súa función social en defensa do estado de dereito e dos dereitos da cidadanía, especialmente de aqueles colectivos mas desfavorecidos ou que sufriron violencia ou marxinação.

Instar ó Goberno Central para que calquera proposta normativa de modificación que se leve adiante na actual sistema xudicial, atendendo a profunda incidencia que vai ter tanto nos profesionais da avogacía como na cidadanía en xeral, fágase con necesario consenso institucional.

11.Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG de resposta á grave situación de crise na comarca

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 5 abstencións (3 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal socialista):

“MOCIÓN DE RESPOTA Á GRAVE SITUACIÓN DE CRISE NA COMARCA

A folga xeral celebrada o pasado 12 de Xuño supuxo un punto de inflexión no nivel de mobilización do conxunto da sociedade comarcal en demanda de solucións aos problemas que vén arrastrando no ámbito socioeconómico e, en definitiva, na existencia aos gobernos de medidas concretas e urxentes a respecto dos sectores produtivos que sustentan o noso tecido económico. A expresión, sen dúbida, de que estamos perante unha situación de emerxencia, e que non procede máis que medidas políticas urxentes por parte dos gobernos.

A importancia do nivel de apoio que tivo a convocatoria – histórica, sen dúbida – ten a ver cunha situación crítica que afecta ao conxunto de sectores da sociedade comarcal. Unha sociedade situada cun nivel de desemprego – a máis alta de Galiza - que supera o 30%, cun peche progresivo de comercios, hostalaría e pequenas empresas, e que asiste ao desmantelamento de sectores claves da economía comarcal; como o naval ou o eólico. En paralelo, rexurde a emigración masiva á que se ven abocadas milleiros de persoas e, polo tanto, agudízase aínda máis á perda de poboación na zona. Demandas sociais que tamén reclamaban solucións á eliminación das comunicacións ferroviarias, solucións á falla de compromiso coa construción e posta en marcha de infraestruturas imprescindibles como a EDAR ou o acceso ferroviario ao porto exterior ... Solucións, en definitiva, para que unha das comarcas de Galiza máis castigadas polos distintos gobernos poda comezar a reaxir e vivir dos seus sectores produtivos básicos e da súa produción industrial tradicional.

Perante esta situación crítica no cabe, como xa se dixo, máis que unha actuación urxente dos gobernos con competencias na posta en marcha de medidas concretas nos diversos sectores; como único xeito de invertir unha tendencia que ameaza con desertizar a comarca no ámbito económico e laboral e desestruturala no social. Unha resposta á que a sociedade comarcal tería dereito ao día seguinte mesmo da convocatoria de folga xeral.

Nembargantes, na liña do confusionismo e engano, do incumprimento de compromisos do que se fixo gala nos últimos anos; atopámonos de novo cunha actitude soberbia e insensíbel por parte dos representantes dos gobernos responsábeis que, en troques de afrontar con valentía e urxencia as solucións que a comarca demanda, apostan pola deixación das súas responsabilidades ou, o que é peor, polo intento de recrear políticas confusionistas e narcotizantes que perpetúan a actual situación. Estamos a falar dunha Xunta de Galiza que renuncia a exercer as súas competencias en materia industrial – a comezar, por unha actuación específica a respecto do sector naval – e que continúa sen concretar aínda o tan cacarexado contrato don PEMEX para o naval da ría de Ferrol, ou a construción do dique flotante; por non falarmos da ausencia dunha acción política enérxica na demanda do levantamento do veto.

E falamos tamén dun goberno do estado que por boca dun dos seus representantes anunciaba que en marzo deste ano Navantia estaría "...cortando chapas...", mentres que outro – o presidente da SEPI – recoñecía nunha comparecencia no Congreso no mesmo mes que aínda se estaban elaborando os informes para facer a consulta sobre a construción do dique á UE.

A nosa comarca demandou e demanda, unanimemente, medidas concretas para poder producir e para poder traballar. Pero reclamou, sobor de todo, respecto. E o respecto comeza por tratar unha situación de emerxencia con medidas políticas de emerxencia, afrontando dun xeito decidido as responsabilidades que lle competen aos gobernos e abandonando políticas de postureo e confusión. Non cabe outra.

E por iso, como representantes máis directos das veciñas e veciños dos concellos da comarca; que sofren e viven dun xeito directo – e, cada vez máis, dramático – esta situación; entendémonos non só no dereito senón no deber de exercer un responsábel dereito de crítica e demanda urxente de solucións. Neste sentido, propomos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Reprobar a actitude do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, pola posición insensíbel e enganosa perante os compromisos asumidos coa comarca e pola falta de medidas concretas na defensa do emprego e dos nosos sectores produtivos.

2.- Articular, dun xeito urxente e en conxunto cos diversos sectores da sociedade comarcal, medidas de presión que obriguen aos devanditos gobernos ao cumprimento das demandas que se veñen facendo nos últimos anos; e que constituíron o clamoroso e unánime berro da sociedade comarcal o pasado día 12 de Xuño."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que o pasado día 12 houbo unha das manifestacións máis importantes dos últimos 25 anos, no que toda a comarca parou e no que todo o mundo asumiu que ese era un día no que había que mobilizarse, de forma que o pequeno comercio e a hostalería pecharon maioritariamente. Pensouse que se necesitaban respostas a esta situación dramática, xa que máis alá da situación estatal, das nefastas políticas da Unión Europea respecto Galicia, hai moitas cuestións que son decisións políticas puras e duras que afectan a esta comarca e que agravan moito máis o feito de que esta comarca industrial e potencialmente competitiv sexa a que máis paro teña de todas as comarcas urbanas do país. Quere que se cumpran os compromisos que os gobernos fixeron, que se está nesta situación non por cuestións económicas senón por decisións políticas e iso é unha total irresponsabilidade.

Remata dicindo que, así hai cousas posibles, se poden facer xestións ou moverse ante a Unión Europea e o Partido Popular ten que explicar como tendo toda a representación maioritaria en todas as Administracións que teñen capacidade de decidir sobre as cuestións que se reclamaban na manifestación non fai nada.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que se pode ter diferentes visións do que fixeron os distintos gobernos, pero o que máis indignación xera é que o PP cando quere promete determinados compromisos para acceder ao goberno e logo, xa no goberno, se esquece de todo e non fai nada. Hai un pasotismo absoluto do Partido Popular respecto desta comarca e unha falla de capacidade absoluta para chegar a entendementos cos cidadáns. Non sabe que pasa co Partido Popular de Fene, que non é quen de falar co seu goberno a nivel autonómico ou nacional para explicarlles como está a situación aquí, ou non lle fan caso ou tanto lle ten o que lle digan, e ante iso pídelles que se reformulen a súa militancia política. Remata anunciando o seu voto favorable.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que a comarca de Ferrol está morrendo e non hai solucións porque non se queren adoptar solucións políticas para salvar a Comarca.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa, que propón a seguinte emenda de tal xeito que os dous puntos do acordo quedarían redactados como segue:

“1.- Instar ao goberno do Estado e da Xunta de Galicia para que asuman os compromisos coa comarca e para que adopte medidas concretas en defensa do emprego e dos nosos sectores produtivos.

2.- Articular dun xeito urxente e conxunto cos diversos sectores da sociedade comarcal medidas encamiñadas para que os gobernos cumpran as demandas que se veñen facendo nos últimos anos e que constituíron o clamoroso e unánime berro da sociedade comarcal o pasado día 12 de xuño.”

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, di que non aceptan dita emenda.

Prosegue a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa, dicindo que comparte plenamente a situación na que está a comarca hoxe é moi mala, inda que se ven arrastrando de lonxe. Considera que non se pode demonizar a unhas persoas que están traballando por haber sido elixidos democraticamente, inda que crean que non, entendendo que hai que darlles un voto de confianza para que inicien todas as reformas necesarias para a recuperación económica da comarca. Esta folga foi clamorosa e unánime, a subscriben e a entenden, pero tamén entenden que hai que deixar un tempo prudencial para amañar os problemas e, por iso, anuncia que o voto do seu grupo vai ser a abstención.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai uso da palabra para dicir que o naval probablemente entre nun ERE para o ano e está pendente das súas políticas, como ocorreu coas eólicas que están agora en ERE, con empresas afectadas porque o Partido Popular se cargou un decreto que prevía unha planificación eólica e non deu ningunha alternativa, de tal forma que a industria que tiña concesións eólicas adxudicadas tiveron que parar a súa produción e dirixirse a outros mercados; ademais, engade, despois recortáronse, tamén por decreto, a tarifa eléctrica, o valor da enerxía eléctrica coa conseguinte perda de postos de traballo directos.

Por outra banda, prosegue, ademais da enerxía eólica cargáronse o biodiesel, que tamén está cun ERE e agora Megasa tamén está afectada por outro Decreto. A biomasa era da época do bipartito e desapareceu a opción da súa fabricación, un sistema que lle daba valor engadido aos montes, de tal forma que agora ENCE compra toda a madeira para as pasteiras e fan negocio eléctrico. O último caso son as eléctricas, previsiblemente haberá anuncios de supresión da produción por normativas que afectan negativamente á comarca. Tamén o marisqueo está afectado polas depuradoras e pendente do Ministerio de Fomento que non sabe que fixo cos fondos europeos, cando a ría podería ser unha boa saída laboral, pero que non pode pola contaminación por falla de depuración. Son decisións políticas e non é unha cuestión da crise actual, hai que tomar ditas decisións para non prexudicar á comarca.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1.- Reprobar a actitude do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, pola posición insensíbel e enganosa perante os compromisos asumidos coa comarca e pola falta de medidas concretas na defensa do emprego e dos nosos sectores produtivos.

2.- Articular, dun xeito urxente e en conxunto cos diversos sectores da sociedade comarcal, medidas de presión que obriguen aos devanditos gobernos ao cumprimento das demandas que se veñen facendo nos últimos anos; e que constituíron o clamoroso e unánime berro da sociedade comarcal o pasado día 12 de xuño.

12. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PP de rexeitamento e condena ao terrorismo

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 5 abstencións (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal):

“Rocio Bértoa Puente, portavoz do Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos.

Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e denotación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político.

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémos e condenamos o uso da violencia para defender calquer tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquer tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello de Fene eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e por suposto o levado a cabo por Resistencia Galega.
2. Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.
3. Rexeitamos calquer tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que se trata dunha moción un tanto oportunista e se lle está dando unha relevancia pública a un “grupúsculo” residual como é Resistencia Galega que vai contra o pronunciamento da non violencia, tema residual no noso país. Non comparten estas actuacións que están fóra da democracia e polo tanto e por solidariedade cos seus compañeiros que tamén sufriron este tipo de ataques e porque condenan rotundamente calquera acción violenta que se poida producir, votarán a favor da moción.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai uso da palabra para ler unha declaración do BNG que rexeita a violencia como medida de actuación política que di que historicamente o Partido Popular utilizou o terrorismo como arma política, que é clara e coñecida por todos a posición contraria a todo tipo de actos violentos por parte do BNG; que este problema non existe como tal, e polo tanto non ten sentido condenar o que non existe; que esta moción é parte dunha estratexia do Partido Popular para desviar a atención da corrupción na que está inmersa e a crise económica, buscando criminalizar a sociedade que critica e actúa e favorece a represión daqueles que se manifestan en contra do empobrecemento; a violencia que existe en Galicia son as políticas do Partido Popular e da Unión Europea que están a causar un grave problema de exclusión social e un grave proceso de desertización da economía e das unidades produtivas e unha clara desertización social motivada polas desigualdades.

Por todo isto manifesta que o seu grupo vai votar en contra e non serán cómplices da estratexia de criminalización que o Partido Popular pretende pór en marcha, ao tempo que insiste en que cren nas

solucións políticas e nas liñas pacíficas como único medio lexítimo de intervención para conseguir unha sociedade máis xusta e máis libre.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que le un argumentario de EU que di que EU condena a violencia e o terrorismo e amosa a súa solidariedade coas vítimas e as súas familias, pero o que máis lle preocupa aos cidadáns neste momento é a corrupción e por ese motivo o Partido Popular precisa de algo para desviar a atención da cidadanía e non atopou ningunha cousa mellor que facer unha moción que sensibiliza a todos e a todas, pero que para eles non deixa de ser unha cortiña de fume. EU considera que esta moción é incompleta xa que debería incluír tamén unha condena ao franquismo, que tamén foi unha forma de terrorismo. Tamén é violencia que Galicia teña máis de 260.000 parados e paradas, que sufra un desmantelamento dos servizos sociais e da sanidade, que suba impostos e baixe os salarios, que acurte ou suprima prestacións por desemprego, que consinta que os bancos boten aos cidadáns a rúa sen facer nada para evitalo, que permita que a xuventude mellor preparada teña que emigrar, que permita a pobreza e mesmo a fame que afecta a moitos cidadáns, que se permita o alcance que está a sufrir a educación coas reformas e recortes, todo isto e algo máis é unha forma de terrorismo. Esta moción a considera carente de moralidade, de decencia e é totalmente ofensiva, un xeito de magnificar un problema que para os cidadáns está moi por debaixo na orde de preocupación neste momento.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa, que di que o goberno de Fene non se caracteriza por presentar mocións enlatadas, pero si pensaron que é o momento de pronunciarse con firmeza logo dalgunhas manifestacións dalgúns representantes políticos que son ambiguas. O seu grupo subscribe todas e cada unhas das palabras da moción, creen que Resistencia Galega e o terrorismo non teñen importancia ningunha porque a xente non os ten en consideración pero iso non quere dicir que se Resistencia Galega, presuntamente, cometeu algún delito, teña que ser enxuizada e por iso o condenan. É o momento de manifestarse contundentemente a favor ou en contra do terrorismo, sen entrar en consideracións de ter o corazón partido por ter que condenar o terrorismo como dixo o Sr. Puentes.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor (6 do grupo do PP e 5 do grupo socialista), con 6 votos en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e por suposto o levado a cabo por Resistencia Galega.

2. Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.

3. Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.

13. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía para amosar o interese na posible integración na Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

“Os representantes políticos dos Concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño, integrantes da Mancomunidade de Municipios de Ferrol, conscientes das actuais circunstancias socio económicas, ao longo destes últimos anos, teñen amosado o seu interese na cobertura en común de diversos servizos e actividades de intereses para os seus cidadáns.

Así ao longo dos últimos anos levouse a cabo un proceso para conquistar a prestación conxunta dun servizo turístico de calidade nos seus territorios, tomando como punto de partida e referencia o Plan de viabilidade e estudio económico financeiro para a creación dun ente mixto de xestión turística no territorio de Eume-Ferrol-Ortegal, elaborado pola Deputación Provincial de A Coruña. Tras un

primeiro análise da constitución dun consorcio, no mes de marzo do ano pasado, os Alcaldes dos municipios reseñados acordaron instar á Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A. (ente-sociedade mercantil, de xestión e desenvolvemento turístico da cidade departamental) o comezo dun proceso de integración dos demais Concellos no seu capital social e xestión.

En virtude do antedito acordo, a Presidencia da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A. e titular da alcaldía de Ferrol, instou a aqueles Concellos a manifestar o seu interese institucional nunha futura integración naquela entidade mercantil a fin de prestar os servizos e actividades incluídos no seu obxecto social.

Finalmente, nunha xuntanza de carácter técnico mantida o vinteún de xuño de 2013, por funcionarios dos concellos mancomunados e a asesoría xurídica externa do Concello de Ferrol, baixo a presidencia do alcalde daquela cidade, acórdase proseguir co proceso iniciado, clarificando e impulsando as actuacións e trámites a desenvolver e os acordos a adoptar por cada entidade local, propoñendo a constitución dunha comisión integrada por persoal político e técnico dos Concellos afectados, a fin de redactar unha memoria na que se analicen as posibles fórmulas xestoras do turismo e se propoña a que se estime mais convinte para os intereses públicos afectados.

Á vista do anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Amosar o interese do Concello de Fene nunha posible integración na Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, previa a realización de cantos estudos e trámites precisos resultaren, de acordo coa normativa vixente.

SEGUNDO. Nomear como titular ao alcalde don Gumersindo Pedro Galego Feal, sendo o seu suplente o concelleiro delegado da Área de Facenda, promoción económica, formación e emprego Juan José Franco Casal e ás técnicas dona Estefanía Manteiga Lamas e dona Marta Roca Naveira, como representantes do Concello de Fene nunha Comisión á que se encargará a elaboración e redacción dunha memoria relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros dos servizos turísticos, na que se deberán analizar as distintas formas xestoras que a normativa vixente admite, propoñendo a máis convinte para os intereses públicos afectados, así como os supostos nos que debe cesar a actividade, na busca da fórmula de prestación máis axeitada, dotando a súa xestión dunha maior axilidade e contando cunha estrutura de maior flexibilidade e dinamismo.

Unha vez elaborada a Memoria citada será tomada en consideración, se procede, polo Pleno Municipal, acordando a concreta forma de xestión dos servizos citados e exporase durante o prazo de trinta días naturais para a formulación de observacións polos particulares e entidades."

O alcalde toma a palabra a para dicir que a proposta é amosar interese en formar parte na Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol. Nun principio a Mancomunidade traballou en canalizar o turismo da comarca na empresa de turismo de Ferrol pero logo non se considerou viable nin oportuno facelo así e pensouse que usando a infraestrutura que xa estaba constituída para este tema se ía adiantar, pero o certo é que esixiría uns cambios estatutarios e facer unha serie de modificacións que, á larga, non ía quedar ben, polo que se acordou partir de cero. A partir desa reunión adoptouse a decisión de acordar xa unha reunión de técnicos, que en primeiro lugar se fixera unha memoria para tratar de pór en conxunto todas as particularidades dos concellos da Comarca, non só dos integrantes da Mancomunidade, senón de todos os que conforman o destino de Ferrolterra, Eume e Ortegal, por iso, acordouse que os concellos tomasen o acordo de amosar o interese na constitución dese consorcio ou empresa, para logo se reúna unha comisión formada polos secretarios de todos os concellos interesados para que elaboren unha memoria. O traballo que elaboren os técnicos irase traendo ao Pleno.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta foi ratificada por unanimidade.

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que é unha novidade a manifestación de interese por parte do Pleno. Anuncia o voto positivo pero non como un cheque en branco senón que haberá que ver as vantaxes. Ve acertado que se xestione comarcamente ese xeodestino e di que foi algo que fixo ben o goberno provincial con aquel plan de dinamización turística, aínda que logo o Partido Popular o deixou morrer, polo que ten sentido que se xestione dende ese ente supramunicipal.

De seguido o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, di que van votar a favor. No ano 2007-2008, a Deputación Provincial da Coruña sacou adiante un plan de dinamización turística para esta comarca que daba cartos para investimentos importantes. A partir daquela, a idea, unha vez rematado o plan, era que se transformase nunha entidade que estivese formada por todos os concellos, a Xunta de Galicia e a Deputación. Daquela mesmo houbo algunha xuntanza, pero iso non frutificou porque Ferrol paralelamente constituíu unha empresa municipal e a Xunta de Galicia cando chegou o Partido Popular ao goberno sacou ao seu representante da Consellería e manifestou que pasaba do tema. A partir de aí o propio ente perdeu potencialidade. Dende 2009 ata agora que o Concello de Ferrol non sabe que facer coa empresa de turismo, xurde isto.

O alcalde intervén dicindo que na reunión que houbo xa saltou a cuestión de determinar cal sería a participación dos distintos concellos nesa empresa ou consorcio e se o Concello de Ferrol debería ter o 51% de participación.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia a abstención.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta foi ratificada por unanimidade.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 16 votos a favor (6 do grupo do PP, 5 do grupo socialista e 5 do grupo do BNG), cunha abstención do grupo mixto.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO. Amosar o interese do Concello de Fene nunha posible integración na Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, previa a realización de cantos estudos e trámites precisos resultaren, de acordo coa normativa vixente.

SEGUNDO. Nomear como titular ao alcalde don Gumersindo Pedro Galego Feal, sendo o seu suplente o concelleiro delegado da Área de Facenda, promoción económica, formación e emprego Juan José Franco Casal e ás técnicas dona Estefanía Manteiga Lamas e dona Marta Roca Naveira, como representantes do Concello de Fene nunha Comisión á que se encargará a elaboración e redacción dunha memoria relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros dos servizos turísticos, na que se deberán analizar as distintas formas xestoras que a normativa vixente admite, proponendo a máis conveniente para os intereses públicos afectados, así como os supostos nos que debe cesar a actividade, na busca da fórmula de prestación máis axeitada, dotando a súa xestión dunha maior axilidade e contando cunha estrutura de maior flexibilidade e dinamismo.

Unha vez elaborada a Memoria citada será tomada en consideración, se procede, polo Pleno Municipal, acordando a concreta forma de xestión dos servizos citados e exporase durante o prazo de trinta días naturais para a formulación de observacións polos particulares e entidades.

14. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía para establecer os complementos de destino e específico do persoal funcionario interino: condutor(a) de motobomba

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

“O 15 de maio do 2013, mediante resolución da alcaldía 553/2013, aprobáronse as bases de selección para a creación dunha bolsa para postos de funcionario(a) interino(a), Grupo: agrupación sen titulación; Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais; Clase: servizo de extinción de incendios; Denominación: condutor(a) de motobomba, para cubrir a execución de programas de carácter temporal que puideran xurdir ó longo do ano 2013 relacionados co servizo de extinción de incendios.

Na base primeira das citadas bases estableceuse que as retribucións, no caso da execución de programas temporais, dependerían da subvención que os financia.

O 3 de xuño do 2013 asínase o Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Fene para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba.

Feitos os cálculos oportunos e tendo en conta o importe da subvención a achegar pola Consellería do Medio Rural e do Mar, as retribucións mensuais deste posto ascenden a 1.003,48 € desglosado do seguinte xeito: salario.- 548,47 €; complemento de destino.- 305,01 €; complemento específico.- 150 €.

Sendo o salario fixado o correspondente ó seu grupo de clasificación, a determinación das retribucións complementarias (complemento de destino e complemento específico) é unha competencia plenaria conforme ó disposto no art. 22.2.i) da Lei 7/1985 "la fijación de la cuantía de las retribuciones complementarias fijas y periódicas de los funcionarios"

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía propón que o Pleno do Concello de Fene adopte, previa ratificación da súa inclusión na orde do día, o seguinte acordo:

Ó posto de funcionario(a) interino(a), Grupo: agrupación sen titulación; Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais; Clase: servizo de extinción de incendios; Denominación: condutor(a) de motobomba correspóndelle as seguintes retribucións complementarias:

- Complemento de destino: 305,01 €/mes.
- Complemento específico: 150 €/mes."

O alcalde di que presenta esta proposta porque é o Pleno quen ten a facultade de fixar os salarios dos traballadores.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, esta foi ratificada por unanimidade.

Abre o debate o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que van votar a favor da proposta pero quere deixar constancia do seu malestar por non ter levado este asunto á Comisión Informativa e quere preguntar se se informou aos representantes sindicais do Concello deste asunto.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez, que di que a proposta non se pasou. Di que os soldos destes funcionarios van ligados a unha subvención, o salario é o establecido para os traballadores sen titulación, o complemento de destino é o fixado para este tipo de postos. Non foi á Comisión Informativa porque inda non estaba feito.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera roga que a vindeira vez se comente en Comisión e cos representantes sindicais.

A continuación o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, di que quere se aclare un pouco máis.

Seguidamente o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que hai unha subvención para ditos postos de traballo, como a clasificación do traballador é sen titulación o soldo base xa está regulamentado, igual que o complemento de destino. O resto sería establecer o complemento específico que é o que se axusta consonte á subvención, que é o que ten que fixar o Pleno.

Don Manuel Polo Gundín pregunta se o soldo do traballador está axustado á subvención ao final vai cobrar menos que un traballador municipal que teña o mesmo posto de traballo.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que non hai outro posto de traballo semellante no Concello.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP, con 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Ó posto de funcionario(a) interino(a), Grupo: agrupación sen titulación; Escala: Administración Especial; Subescala: Servizos Especiais; Clase: servizo de extinción de incendios; Denominación: condutor(a) de motobomba correspóndelle as seguintes retribucións complementarias:

- Complemento de destino: 305,01 €/mes.

- Complemento específico: 150 €/mes.

15. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía relativa ao cambio de horario da vindeira sesión ordinaria do Concello Pleno correspondente ao mes de agosto de 2013

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que queda incluída na orde do día ao ser ratificada a súa inclusión pola unanimidade dos concelleiros:

"Asunto: determinación do cambio de horario da sesión ordinaria do Pleno do mes de agosto de 2013.

O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

O día 4 de xullo de 2011 tivo lugar a sesión organizativa da Corporación municipal do Concello de Fene para a lexislatura 2011 – 2015, na que se estableceu:

"As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Fene terán carácter mensual, celebrándose as sesións o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil."

Polo tanto, corresponde celebrar sesión ordinaria do Pleno de agosto o vindeiro día 1 de agosto 2013 ás 18:00 horas. Non obstante, por se tratar dun período estival, os distintos voceiros dos grupos municipais acordaron propoñer cambiar o horario de dita sesión que pasaría a ser ás 8:30 horas.

O artigo 46.2 a da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que o Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses e o artigo 24 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) establece que o Pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que estableza o Pleno da Corporación e que na sesión extraordinaria que se convocará dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación, a proposta do Alcalde/sa, o Pleno acordará o día e a hora na que se celebraran as sesións ordinarias, en primeira convocatoria e dous días despois, á mesma hora, en segunda.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Que a vindeira sesión ordinaria correspondente ao mes de agosto de 2013 do Pleno da Corporación do Concello de Fene, se celebre o vindeiro día 1 de agosto de 2013 as 8:30 horas."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que co seu grupo non falou ninguén e un dos concelleiros non pode asistir á hora prevista.

Seguidamente intervén o alcalde que di que se falou na Xunta de Voceiros do mes pasado.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que están de acordo en axustar a hora ante a problemática.

Por unanimidade dos concelleiros acórdase emendar a proposta deixando o novo horario para as 20:00 horas.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Que a vindeira sesión ordinaria correspondente ao mes de agosto de 2013 do Pleno da Corporación do Concello de Fene, se celebre o vindeiro día 1 de agosto de 2013 ás 20:00 horas.

16. Mocións urxentes

Non se presentan.

17. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Recibiron queixas do estado do ximnasio da Casa da Cultura, sobre todo do estado precario do chan e da limpeza das instalacións, polo que pregunta: ¿é consciente o goberno destes feitos?, e roga que se tomen medidas ao respecto.

A concelleira don Rocío Aurora Bértoa Puente di que o tema do chan é unha petición que xa foi atendida xa que se mercou mediante dúas subvencións e falla a súa instalación. En canto ás instalacións di que sabe que se rompeu un espello na lexislatura anterior que tentará repoñelo e non ten ningunha outra queixa.

- Solicitouse a reposición do espello que había diante da Casa da Cultura que se quitara para acometer unhas obras, rematadas estas roga que se repoña.

- Ven con sorpresa que non fose á Comisión, e polo tanto que non viñera ao Pleno, a ordenanza fiscal de terrazas, e que se dixera na mesma que foi por culpa do PSOE que a ordenanza non estivera aprobada porque se está á espera de que o seu grupo diga algo. Reitera que queren simplemente que se aplique unha bonificación para os hostaleiros que solicitan a instalación dunha terraza anualmente.

Contesta o alcalde que na derradeira Xunta de Voceiros acordaron que lles dixeran o prezo por metro cadrado, a proposta do goberno era de 5,22 euros e díxose que era caro, polo que di que esperan as súas suxestións e logo haberá que facer un estudo económico.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera di que a proposta está feita que é unha redución dun 25%.

- ¿En que grado de execución están os plans de estradas da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña?

Contesta o alcalde que o único que se vai facer é o repintado da estrada da Armada. Ao capataz da Deputación díxoselle o asunto da reparación do firme e dos sumidoiros para tratar de darlle solución. Finalizouse o desbroce da estrada de Barallobre e Magalofes. Respecto das actuacións da Xunta de Galicia non se ten novas de ningunha actuación.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez engade que os plans provinciais dende 2007 ata 2012 están todos feitos, a execución do plan do ano 2013 comeza este mes. O PEIM 2013 estase executando e recuperouse o PEIM 2009. O plan PCC estase executando a obra en Bouza da Pena e o resto están feitos.

- Logo de superar o prazo en que o goberno se comprometeu a convocar a Comisión de Investigación da execución do contrato de limpeza, mantemento e conserxería das instalacións deportivas do Concello de Fene pregunta, ¿cando está previsto convocar a reunión e achegarlles a documentación que foi solicitada?.

O alcalde contesta que se convocará mañá a expensas da convocatoria dun pleno extraordinario.

- En relación coas terrazas solicitadas na praza verde de Perlío díxoselles aos hostaleiros que a praza constaba no PXOM como parque e que nos parques non se prevía este tipo de instalacións, xa teñen dito que por riba do PXOM prevalece a realidade e elementos fácticos xa que non hai un parque senón unha praza, polo que roga que se intente buscar unha solución ao problema que teñen os estaleiros da zona.

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que hai dous establecementos que teñen licenza e outro establecemento non a ten por culpa do que quere instalar. O problema non é da clasificación.

O concelleiro don Iván Puentes Rivera di que cando se redactou a ordenanza entendeu que tiñan cabida algún tipo de instalacións máis elaboradas, polo que deduce que si tiñan cabida ese tipo de instalacións, ao que a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que tamén entende que si, non obstante o técnico municipal pediu unha aclaración ao técnico que redactou o proxecto e se está á espera do informe técnico municipal.

- Roga que se faga un plan de amaño de fochas e limpeza de gabías a nivel xeral e concretamente na zona das Foxas que presenta un estado lamentable. Roga que se lle achegue un resumo do que falla por executar.

- En relación co Deporte na Rúa pregunta, ¿houbo a deferencia de preguntar aos ximnasiaos do Concello de Fene?, e se foi así, ¿cal foi o resultado?.

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que cando chegou á concellería no ano 2011 a persoa encargada díxolle que o ximnasio de Fene non quería participar e non se volveu chamar. Este ano ofrecéronse dous ximnasiaos máis de fóra do Concello. Non entende que se vaia invitar a alguén que non quere participar.

- Na piscina hai problemas cunha varanda do balcón que está a caer polo que roga que se adopten medidas urxentes para solucionar este perigo evidente.

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que non lle consta ningún informe nin do persoal de mantemento nin do persoal que traballa na piscina de que a varanda estea mal e anuncia que mañá o comprobará.

- Nos actos da clausura da piscina recibiron un correo electrónico dunha funcionaria do concello que se disculpaba por non ter achegado previamente dita información, semellándolle inaudito que un funcionario emita unha desculpa, xa que o debe facer en todo caso un político, polo que pregunta: ¿houbo algunha instrución da concelleira para que se achegase unha desculpa ao respecto?.

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que non sabe por que lle mandaron as desculpas pero di que ela asume todas e cada unhas das responsabilidades que pasen nos seus departamentos. Xa dixo na Comisión Informativa de xuño que se ían clausurar as escolas deportivas e da piscina o último sábado do mes.

- ¿Hai algunha previsión do peche do centro de saúde de Maniños?.

Contesta o alcalde dicindo que non hai ningunha nova ao respecto.

- ¿Que pasou no arquivo municipal?, ¿houbo falla de persoal?. Di que preguntaron na Comisión se había algunha incidencia respecto das vacacións do persoal decíndoselles que non e poucos días despois pasou isto.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez contesta que semella que vostede ten máis información ca el. Hai unha persoa que se foi de vacacións e por mor dun expediente aberto falouse co persoal que estaba de vacacións e reincorporouse.

- ¿Hai algunha novidade respecto dos pasos da vía do tren en Perlío?

Contesta o alcalde que di que está pendente da chamada do enxeñeiro de ADIF que quedou en informar respecto das expropiacións a facer.

- Roga que se arranxen os baños da casa do Concello, que cada día están nunha situación máis lamentable.

- Roga que se traia o Regulamento do campo de fútbol e pregunta: ¿que previsión hai?.

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que de momento non ten previsto traelo ao Pleno.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Pretendían que o plan de emprego vaia adiante e, inda que non hai plan de emprego pero si unha serie de convocatorias de persoal, sen dubidar da legalidade dos tribunais e das bases, considera que non é elegante nin ético que un aspirante estivera facendo prácticas co tractor municipal por Lubián unha semana antes do exame, así, di, logo veuse que na proba, de corenta persoas que tiñan coñecemento do uso de tractores con desbrozadora, a maioría non foron quen de accionar o brazo da desbrozadora por descoñecemento concreto do funcionamento do joystick do brazo desbrozador do tractor novo. Hai testemuñas presenciais que viron como persoas concretas ían con ese tractorista facendo prácticas particulares.

- ¿Cando vai saír a convocatoria da praza de peón con carné clase C?

Contesta o alcalde dicindo que se tratará de facer a convocatoria o antes posible pero o tema das brigadas está consumindo bastante tempo dos funcionarios.

- ¿En que situación está o PXOM?

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que a súa idea é que á volta do verán, en setembro ou outubro, manter reunións coas parroquias e asociacións para presentalo.

- Roga que se valoren dende a Área de Deportes outro formato de clausura das escolas de natación porque case que eran máis representantes do Concello que nenos e nenas.

- ¿Fíxose algo respecto daquela xente con vehículos mixtos en relación coa tarifa do IVTM?

Contesta o alcalde dicindo que de momento non houbo ningunha contestación aos escritos e que dende o Concello se lle facilitaron aos veciños uns formularios, facéndose unha xestión na oficina de reclamacións de Betanzos, que é onde levan o tema, na que se insiste en que a aplicación da ordenanza está ben.

- ¿Fíxose algo para que os funcionarios do concello poidan ter certificacións dixitais para acceder aos datos fiscais doutras Administracións como pode ser a Seguridade Social e outras?

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que non se iniciou nada.

- ¿Fíxose algo respecto dos coches abandonados?

Contesta o concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez dicindo que xa tiña tomado nota no anterior pleno. Retiráronse tres coches en San Valentín e hai 2 en proceso de retirada.

- ¿Cantas veces se realizaron labores de mantemento específico da superficie do xogo do campo de fútbol?

A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente di que contestará na comisión.

- Roga que se revise o Regulamento de parellas de feito.

- Roga que se axilice a Ordenanza de emerxencia social e o Regulamento de uso do campo de fútbol.

- ¿Coñece o goberno se vai haber algún recorte no colexio dos Casais?

Contesta o alcalde dicindo que non ten constancia de ningún recorte neste colexio.

- Roga que se convoque o Consello Escolar Municipal se hai algunha xestión urxente e, en todo caso, que se convoque nos primeiros días de setembro cando xa estean os centros funcionando.

Contesta o alcalde dicindo que mañá haberá unha reunión de directores na que presumiblemente se designará ese representante do Consello Escolar e pensa que a convocatoria é mellor deixala para antes do comezo do curso académico.

- En relación coa ordenanza de terrazas di que as tarifas poden ser algo máis baratas, que se debe cuantificar e comprométese a facer propostas concretas pero o goberno deber facer máis esforzos explicativos.

- Quere felicitar á concelleira de Benestar dando os parabéns do seu grupo respecto do programa de envellecemento activo, construíndo pontes, xa que é un bo programa, sobre todo a nivel de participación social.

A voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- En relación coa praza de tractorista di que tamén recibiu queixas, que aparte de que sexa pouco ético ou carente de transparencia tamén dubida de que sexa legal, en todo caso quere propor que todos aqueles candidatos que veñan a unha proba se lles permita facer prácticas no Concello uns días antes.

- En relación co campo de fútbol de Silobre roga colaboración para a corta da herba.
A concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puento di que sempre se colaborou.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 21:00 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas